

COÑECEMENTO E ACTITUDES DOS CIDADÁNS GALEGOS CARA Á POLÍTICA DE COOPERACIÓN E AXUDA PARA O DESENVOLVEMENTO

SÍNTESE DOS PRINCIPAIS RESULTADOS

Estudo realizado para a
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea,
Xunta de Galicia

Miguel Caínzos*
Celestino García Arias**
Ramón Bouzas Lorenzo**

Universidade de Santiago de Compostela

* Departamento de Socioloxía

** Departamento de Ciencia Política e da Administración

ÍNDICE

Introdución.....	2
1. Coñecemento e información sobre as políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento e os actores involucrados nelas	4
2. Sensibilidade cara a e opinións sobre os problemas dos países empobrecidos.....	13
3. Actitudes cara ás políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento, en xeral e con referencia a España e Galicia	14
4. Opinións sobre a eficacia da axuda para o desenvolvemento e sobre posibles medidas capaces de mellorar a situación dos países empobrecidos	18
5. Valoración do desempeño de diversos axentes de cooperación	19
6. Opinións e preferencias sobre aspectos particulares das accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento	20
7. A implicación persoal dos cidadáns	27
8. Conclusións principais.....	29
Táboas.....	32
Gráficos: indicadores seleccionados do nivel de coñecemento, actitudes, preferencias e implicación persoal dos cidadáns galegos.....	40

INTRODUCCIÓN

Este estudo foi realizado por un equipo da Universidade de Santiago de Compostela a demanda da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia. Con el preténdese dar unha primeira resposta á necesidade, percibida tanto polas autoridades autonómicas como polo conxunto dos actores implicados nas políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento, de dispor de información sobre a opinión e actitude que ten a cidadanía galega acerca de diversos aspectos daquelas políticas, das súas liñas orientadoras e da actuación dos diferentes axentes involucrados nelas. En particular, tal como dispón no seu punto 4.8 o *Plan Anual da Cooperación Galega para ou Desenvolvemento 2010*, tratouse de avaliar en que medida a sociedade galega coñece as políticas de cooperación e, polo tanto, de verificar se as accións de información e sensibilización realizadas ata o momento produciron os efectos buscados.

Para cumprir estes obxectivos levouse a cabo o deseño, realización e análise dunha enquisa á poboación galega de dezaoito e máis anos.

A mostra final da enquisa ten un tamaño de 1.213 unidades. Responde a un deseño de mostraxe polietápico, estratificado por conglomerados, con estratos definidos mediante o cruzamento da provincia e o tamaño de hábitat, con selección aleatoria proporcional de municipios (garantindo a presenza das sete principais cidades, que, polo tanto, están autorrepresentadas) e selección aleatoria de números telefónicos e individuos, aténdose a cotas de sexo e idade a fin de garantir a representatividade da mostra en termos destas dúas variables. Asígnase a cada provincia un mínimo común de 200 entrevistas, distribuíndose o resto de xeito proporcional ao peso de cada estrato na poboación galega. Loxicamente, antes de proceder á análise, calculáronse os coeficientes de ponderación necesarios para reequilibrar a mostra. Baixo o suposto de mostraxe aleatoria simple, para un nivel de confianza do 95,5% (“dous sigmas”) e coa distribución máis desfavorable ($p=q=0,5$), o erro mostral para a estimación de proporcións sería de $\pm 2,9\%$ para o conxunto da mostra.

O cuestionario aplicado foi redactado tomando como referencia o marco normativo e os documentos programáticos que definen os obxectivos básicos da

actual política de cooperación da Xunta de Galicia, así como os resultados da avaliación das políticas desenvolvidas na etapa inmediatamente anterior, plasmados no *Informe de Avaliación do Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009*. Ademais, tívose en conta o contido de enquisas anteriores que, aínda que fose de xeito parcial e/ou con referencia a outros ámbitos xeográficos, recolleron información sobre as opinións do público acerca das políticas de axuda para o desenvolvemento¹.

O cuestionario inclúe preguntas (ou módulos de preguntas) sobre os seguintes campos:

1. Opinións sobre os principais problemas mundiais, preocupación persoal polos problemas dos países empobrecidos e opinión acerca das súas causas.
2. Coñecemento da existencia de políticas de axuda para o desenvolvemento, grao de apoio xenérico dos cidadáns ás mesmas e opinión sobre a conveniencia de que a axuda sexa incondicional ou estea ligada ao cumprimento de determinadas condicións por parte dos países receptores.
3. Preferencia sobre os obxectivos aos que se deben encamiñar prioritariamente as políticas de axuda para o desenvolvemento e sobre a responsabilidade que na súa execución deben ter diversos tipos de actores (governos; organismos internacionais; ONG e entidades sen ánimo de lucro).

¹ En particular, tratouse de que o cuestionario permitise facer algunhas comparacións cos resultados da “Encuesta sobre desarrollo, cooperación internacional para el desarrollo y educación para el desarrollo” realizada en 2009 polo “Centre d’Estudis d’Opinió” (CEO) da Generalitat de Catalunya para a “Agència Catalana de Cooperació al Desenvolupament” (en diante, “enquisa CEO-ACCD”). Tamén existen diversas enquisas do “Centro de Investigaciones Sociológicas” que ofrecen datos para o conxunto de España e se poderían utilizar con este mesmo fin comparativo. Con todo, pareceunos máis ilustrativa a comparación directa con outra comunidade autónoma, xa que os datos globais para España poderían estar enmascarando diferenzas relevantes entre comunidades, e o tamaño da mostra das enquisas do CIS fai que as estimacións a nivel autonómico sexan menos precisas que as obtidas coa nosa enquisa e coa enquisa CEO-ACCD.

4. Percepción do cumprimento ou incumprimento dos compromisos de axuda aos países empobrecidos por parte dos países desenvolvidos.
 5. Valoración do rendemento das políticas de cooperación en termos de mellora da situación dos países empobrecidos, percepción das causas eventuais de fracaso e apunte dos posibles cursos de acción que poderían permitir a mellora deses países.
 6. Grao e fontes de coñecemento sobre as actividades de cooperación e axuda para o desenvolvemento levadas a cabo pola Administración.
 7. Actitudes cara á existencia de actividades nesta área protagonizadas pola Administración e valoración da suficiencia dos recursos que cas Administracións destinan a esta materia.
 8. Valoración das accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento realizadas pola Xunta de Galicia.
 9. Preferencias dos cidadáns sobre as áreas xeográficas e as materias a que se debe orientar a cooperación e axuda para o desenvolvemento da Xunta de Galicia e sobre o papel que esta debe desempeñar ante situacións de crises humanitarias e de urxencia.
 10. Grao de información sobre a existencia das actividades levadas a cabo polas Organizacións non Governamentais para o Desenvolvemento.
 11. Notoriedade das ONGD e coñecemento das súas campañas.
 12. Valoración do traballo e actividades das ONGD.
 13. Preferencias sobre o funcionamento das ONGD: tarefas prioritarias; persoal voluntario e persoal profesional; fontes de financiamento.
 14. Valoración comparativa dos niveis de eficacia, transparencia e confianza que suscitan os diversos actores (Administracións e ONGD) involucrados nas accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento.
 15. Compromiso persoal e grao de implicación nas actividades vinculadas á cooperación e axuda para o desenvolvemento e, no seu caso, motivos para a ausencia de colaboración.
- A síntese de resultados e conclusións que se leva a cabo neste documento preséntase atendendo en epígrafes distintos aos diferentes aspectos ou dimensións das orientacións da opinión pública, con independencia de cal sexa o obxecto ao que aluden. É dicir, ofrecerase unha lectura dos resultados que é transversal aos bloques temáticos contemplados no cuestionario, seguindo a secuencia seguinte:
1. *coñecemento e información* sobre as políticas de cooperación e axuda *para o desenvolvemento* e as actividades de diversos actores implicados nelas;
 2. sensibilidade cara aos problemas dos países empobrecidos así como as opinións suscitadas ao respecto;
 3. *actitudes básicas* cara as políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento;
 4. *opinións* sobre a eficacia da axuda;
 5. *valoración* do desempeño de determinados actores, xa sexa en termos absolutos e globais (para a Xunta de Galicia e as ONGD) ou en termos comparativos e centrados en atributos ou dimensións específicas: eficacia, transparencia, confianza (para diversas institucións e organizacións públicas e da sociedade civil);

6. *preferencias* sobre aspectos particulares das accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento, xa sexa de xeito xeral ou con referencia particular a un determinado axente (Xunta de Galicia, ONGD): obxectivos, materias, áreas xeográficas de atención preferente, tarefas prioritarias, tipo de persoal preferente, fontes de financiamento; e, finalmente,
7. *implicación persoal*, xa sexa directa ou mediada a través de asociacións, dos cidadáns en accións relacionadas coa cooperación e axuda para o desenvolvemento.

Logo dese repaso, farase unha síntese das principais conclusións do estudo.

1. Coñecemento e información sobre as políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento e os actores involucrados nelas.

De xeito xeral, pódese afirmar que, **considerado en termos absolutos, o nivel de coñecemento e información sobre as políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento entre a cidadanía galega é máis ben baixo.**

Un modo sinxelo de dar soporte a esta afirmación xeral é determinar o valor medio que acada para o conxunto da mostra un **índice de coñecemento sobre política de cooperación e axuda para o desenvolvemento**, que se calculou a partir de sete ítems de información: familiaridade dos entrevistados coa noción de “cooperación e axuda para o desenvolvemento”, coñecemento da existencia de accións de axuda para o desenvolvemento impulsadas polo goberno central, coñecemento da existencia de accións do mesmo tipo levadas a cabo pola Xunta de Galicia, coñecemento do obxectivo de dedicar un 0,7% do PIB dos países desenvolvidos a axuda, coñecemento do incumprimento dese obxectivo, coñecemento de en que consiste o comercio xusto e nivel de información que a persoa entrevistada declara ter sobre a existencia e as actividades das ONGD. Para os seis primeiros, codifícase cun valor 1 a resposta afirmativa e con 0 a negativa, o “non sabe” e a negativa a contestar;

para o último, dáse valor 1 á declaración de estar “moi informado”, 0,75 a “bastante informado”, 0,50 a “pouco informado” e 0 a “nada informado”. O índice de coñecemento consiste na suma dos valores dos sete ítems e, polo tanto, en principio varía entre 0 e 7, mais, a fin de facelo máis intuitivo, foi reescalado de maneira que varie de 0 (grao mínimo de coñecemento) a 10 (grao máximo).

Para o conxunto da mostra, **a media do índice de coñecemento é de 4,55**, cunha desviación típica de 2,48. Se aceptamos a convención de considerar o valor central da escala (“5”) como puntuación mínima que se debe acadar para valorar como satisfactorio o nivel medio de coñecemento, pódese constatar que a cidadanía galega non supera ese listón.

Con todo, esta cualificación negativa débese matizar en tres sentidos complementarios:

- A. Primeiro, como de seguido mostraremos, hai **notables variacións no nivel de información en función de cal sexa o seu referente e a súa natureza.**
- B. Segundo, por definición, **as políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento non teñen un impacto directo e visible sobre a propia cidadanía galega.** Aínda que non contamos con datos que permitan comparar o nivel de coñecemento que os galegos teñen desta área de política coa información de que dispoñen sobre outras políticas que compartan esa mesma característica de ausencia de exposición directa dos cidadáns aos seus efectos, pódese conxectar que a existencia dun baixo nivel de coñecemento pode ser común a todas elas e non un trazo distintivo da política de cooperación. De xeito máis xeral, pódese pensar que as carencias informativas da cidadanía neste eido (especialmente en relación con determinados obxectos e dimensións) é **unha manifestación entre outras dun patrón máis xeneralizado**, consistente na limitada familiaridade dos cidadáns con moitos aspectos da acción das Administracións públicas e doutros actores corporativos.
- C. Finalmente, como se verá de inmediato, unha vez que se comparan os resultados obtidos para Galicia con algúns datos análogos

sobre Cataluña compróbase que, **lonxe de ser especialmente baixo, o nivel de coñecemento que teñen os galegos sobre as políticas de cooperación é homologable (e ata, nalgúns aspectos, superior) ao exhibido polos cataláns.** Xa que logo, aínda que en termos absolutos pódese afirmar que os galegos están bastante pouco informados sobre a área que nos ocupa, a valoración que se pode facer do seu nivel de coñecemento considerado en termos relativos é bastante máis positiva.

A. Empezando pola primeira destas tres observacións, como cabería esperar, a extensión da información entre a poboación (isto é, a proporción da cidadanía galega que está informada ou ten coñecemento daquilo polo que se pregunta) varía moito dependendo do tipo de información que en cada caso esteamos considerando. Máis concretamente, é distinta segundo nos refiramos a unha simple familiaridade xenérica coa existencia de políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento ou, pola contra, atendamos ao coñecemento particularizado das actividades de axentes específicos ou de aspectos, obxectivos e magnitudes concretas das políticas de cooperación; e, aínda neste último caso, é variable en función do axente ou aspecto concreto ao que se fai referencia².

Cando o coñecemento se refire á existencia de actividades de cooperación e axuda para o desenvolvemento en xeral, que se define ás persoas entrevistadas como “axuda de todo tipo que os países máis desenvolvidos prestan a outros países máis empobrecidos”, **os que declaran estar informados dela constitúen ampla maioría:** son un 78%, fronte a un 22% que aseguran non oír falar nunca deste tipo de actuacións. O feito de que algo máis dunha quinta parte da cidadanía galega non teña nin sequera unha vaga familiaridade coa existencia das políticas de cooperación é indicativo dun non desprezable déficit de coñecemento por parte da poboación, pero, mesmo así, hai que recoñecer que **a desinformación absoluta é minoritaria.**

Con todo, cando se pasa do plano da máxima xeneralidade ao coñecemento de aspectos concretos, o predomínio do descoñecemento increméntase de xeito apreciable e nalgúns casos chega a alcanzar cotas extraordinariamente altas. Pero de novo obsérvase unha considerable

variabilidade nos niveis de información, agora en función do obxecto ao que esta se refire.

Un primeiro dato relevante a este respecto é que só un 45,5% dos galegos declaran coñecer e saber ben en que consiste o compromiso dos países avanzados de destinar o 0,7% do seu PIB á axuda para o desenvolvemento. Fronte a eles, un 38,5% declaran que xamais oíron falar deste compromiso e un 16% adicional din oír falar del pero non saber exactamente en que consiste. Así pois, a proporción de individuos correctamente informados queda neste caso por debaixo do nivel do 50%, aínda que a porcentaxe dos que teñen polo menos unha vaga noticia do compromiso do 0,7% supera ese listón, chegando ao 61,5%³. Este primeiro movemento dende o nivel de máxima xeneralidade a información sobre un aspecto particular leva consigo un descenso do nivel de coñecemento exhibido polos cidadáns.

Algo semellante sucede no que atinxe ao **coñecemento da existencia de políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento levadas a cabo pola Administración central.** Aproximadamente dous terzos dos cidadáns de Galicia (67,2%) saben que o goberno central protagoniza actuacións nesta área; o terzo restante divídese entre os que declaran non saber se o fai ou non (23,2%) e os que cren erroneamente que non o fai (9,5%). Polo tanto, a porcentaxe de informados

3 Se consideramos conxuntamente a familiaridade xenérica coa existencia de políticas de cooperación e o coñecemento e comprensión do compromiso do 0,7%, entendendo que ámbolos dous son indicadores de información sobre a cooperación e axuda para o desenvolvemento en xeral (é dicir, con independencia do protagonismo de axentes concretos), comprobamos que os que están perfecta e completamente informados (oíron falar da cooperación e axuda, do compromiso do 0,7% e saben en que consiste este) son un 42,2% e os que parecen estar informados, aínda que sexa imperfectamente (oíron falar tanto da cooperación e a axuda como do compromiso do 0,7%, pero din ignorar en que consiste este exactamente), representan un 13,6%; en cambio, os completamente desinformados (isto é, que non oíron falar da cooperación e axuda para o desenvolvemento nin do compromiso do 0,7%) son o 16,5 (prescindese aquí da cuantificación das demais categorías resultantes ao combinar as dúas variables). Xa que logo, os cidadáns perfecta e completamente informados segundo ámbolos dous criterios son moitos menos que os que teñen unha simple familiaridade xenérica coas políticas de cooperación; pero, se lle sumamos a aqueles o grupo dos que oíron falar do compromiso do 0,7% aínda que non saiban exactamente en que consiste, o total resultante representa practicamente tres quintas partes da poboación, fronte a menos dunha quinta parte de completamente desinformados.

2 Como apoio e complemento aos comentarios que seguen, véxanse os indicadores presentados no gráfico 1.

é menor que cando avaliábamos a familiaridade xenérica coa existencia de accións de axuda para o desenvolvemento (a distancia é duns dez puntos porcentuais) e, ademais, aparece unha proporción non desprezable de persoas que non teñen mero descoñecemento senón que cren saber algo que é falso. Con todo, **o número de informados aínda duplica ao dos non informados**⁴.

En cambio, **as carencias informativas maniféstanse con gran agudeza no que atange ao coñecemento da actividade da Xunta de Galicia no campo da axuda para o desenvolvemento. As cifras invértense con respecto ás que acabamos de mostrar para o goberno central, reflectindo un predominio do descoñecemento.** Os sabedores de que existen políticas autonómicas de cooperación non chegan a un terzo da poboación (quedan nun 28,6%); fronte a eles, un 49% dos cidadáns non saben se a administración galega realiza actuacións deste tipo con cargo ao seu orzamento e un 22% están convencidos de que non o fai. Xa que logo, non só hai unha proporción moi baixa de cidadáns conscientes de que o goberno autonómico actúa nesta área, senón que esa proporción é case igualada pola dos que teñen unha crenza completamente errónea -e non mero descoñecemento- respecto diso.

Estes datos poñen de manifesto, en primeiro lugar, a variabilidade da extensión da información que xa anunciáramos: por unha banda, segundo a xeneralidade/especificidade da información e, doutra banda, cando se trata de coñecemento bastante específico, segundo o obxecto ou axente concreto ao que se refire. Pero, sobre todo, e sen dúbida con maior transcendencia para os obxectivos prácticos deste estudo, deixan claro que o descoñecemento é particularmente grave no que atinxe a actividade da Xunta de Galicia, pois non só hai un maior descoñecemento da mesma, senón que tamén está máis estendida a información incorrecta. Cómpre insistir neste punto: mentres que só unha décima parte das persoas entrevistadas cre erroneamente que o goberno español non leva a cabo accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento,

4 Quizais haxa quen podería chegar a supor que cabería tentar explicar este nivel de coñecemento como posible resultado da crise humanitaria que se desencadeou en Haití a principios do ano 2010, que tivo gran visibilidade e repercusión mediática, aínda que a colaboración de goberno de España nos esforzos para remediar as súas consecuencias non se canaliza, en rigor, como cooperación para o desenvolvemento, que é o obxecto polo que se pregunta aos entrevistados.

aqueles que teñen esa mesma convición equivocada respecto da Xunta supoñen máis dunha quinta parte da cidadanía galega. Cando a comparación faise entre as porcentaxes de coñecedores das actividades dunha e outra Administración, a distancia cífrase en case 39 puntos porcentuais⁵.

Como cabería prever, este panorama de falta de coñecemento sobre as políticas de cooperación da Xunta vese confirmado cando se atende ás respostas a preguntas máis esixentes, que se refiren a datos que é menos probable que as persoas entrevistadas coñezan.

Así, soamente o 9% dos que saben que a Xunta leva a cabo accións de cooperación (ou o que é o mesmo, un escaso 2,5% dos cidadáns maiores de idade) di coñecer a páxina web dedicada pola Xunta á cooperación e a axuda, “www.cooperaciongalega.org”.

E, cando se trata de determinar en que medida os galegos teñen información **sobre o volume de recursos que a Administración autonómica dedica** á política de cooperación e axuda para o desenvolvemento, son varios os resultados reveladores de que **hai un grande descoñecemento**. Por unha banda, un 77%, das persoas entrevistadas que din oír falar do “compromiso do 0,7%” (que, cómpre ter en conta, xa constitúen un “grupo selecto” de entrevistados, posto que exclúe aos completamente desinformados sobre o significado

5 Se, novamente, combinamos as respostas relativas ao coñecemento da existencia de políticas de cooperación nos dous niveis de goberno, atopamos que, a diferenza do que sucedía cando atendiamos a preguntas destinadas a determinar se os entrevistados posuían información de carácter máis xenérico, a proporción de entrevistados completa e perfectamente informados é menor que a dos que están completamente desinformados ou manteñen crenzas erróneas. Só un 26,4% dos entrevistados están completa e perfectamente informados; un 27,5% están incompletamente informados (25,9% saben que o goberno español realiza as accións en cuestión, pero non se as leva a cabo a Xunta de Galicia, e 1,7% sabe que leva a cabo as accións a Xunta pero non se as realiza o goberno español); un 21,1% están completamente desinformados; e un 15% están informados imperfectamente: un 14,9% saben que o goberno español realiza as accións en cuestión, mais cren saber, erroneamente, que a Xunta de Galicia non as leva a cabo; e un 0,6% saben que a Xunta de Galicia leva a cabo as accións en cuestión, pero cren saber, erroneamente, que non as realiza o goberno español.

de tal compromiso) declara non saber (ou non contesta) se a Xunta de Galicia dedica a axuda para o desenvolvemento unha cantidade equivalente ao 0,7% do PIB galego, unha cantidade menor ou unha maior; só o 12,7% deles (que representa o 5,8% do total da mostra) ten conciencia do incumprimento dese compromiso ou obxectivo. Doutra banda, e aínda máis claramente, o 85,3% das persoas entrevistadas confesan non saber como evoluciona nos dous últimos anos a contía dos fondos que a Xunta de Galicia destina á cooperación e a axuda para o desenvolvemento e un 8,6% cren que se mantivo inalterada ou ata aumentou, mentres que só un 6,1% sabe que diminuíu.

Estes resultados negativos sobre o grao de coñecemento que os cidadáns teñen das actividades de cooperación da Xunta de Galicia pódense completar cun dato de distinta natureza pero coherente con eles: o concernente á fonte de información a través da cal tiveron noticia daquelas actividades as persoas que saben da súa existencia. Unha grandísima maioría (85%) soubo dela a través das informacións nos medios de comunicación. Os mecanismos informais de adquisición de información (amigos e coñecidos e Internet) non suman nin sequera o 10% de entrevistados e a información obtida a través dalgunha canle relacionada co traballo da propia persoa entrevistada é practicamente irrelevante. Pero probablemente o máis destacable dende o punto de vista da acción da Administración é o **escaso impacto directo que, como difusores da realización desta clase de accións, teñen os actores directamente implicados nelas e máis interesados en espallar o seu coñecemento entre a cidadanía galega. As campañas informativas da Xunta de Galicia (3,5%) e as doutras organizacións e asociacións (2,6%) teñen unha incidencia moi limitada, inferior ata á que teñen os amigos e coñecidos (5,1%)⁶.**

Tamén os niveis de información sobre as Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento e o seu papel nas accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento son bastante modestos. O tipo e formato das preguntas e opcións de resposta que sobre este punto contén o cuestionario non permiten facer unha comparación directa cos datos relativos ao coñecemento sobre as actividades das Administracións central e autonómica nesta área. Con todo, si permiten estender a aquelas organizacións a tónica xeral de baixo coñecemento que en xeral se reflicte nos nosos datos e **situais entre os obxectos sobre os cales as carencias de información son particularmente acusadas.**

En primeiro lugar, cando se pide as persoas entrevistadas que avalíen en que medida están informadas sobre a existencia e actividades das ONGD, **só un terzo declárase moi (1,3%) ou bastante (31,7%) informado**, fronte a dous terzos que declaran estar pouco ou nada informados (48,3% e 18,3%, respectivamente). Hai, pois, un claro predominio daqueles que teñen un nivel baixo ou nulo de información sobre as ONGD, que se atopan nunha relación aproximada de 2 a 1 fronte aos que din contar con niveis de información relativamente elevados. Poderíase facer unha lectura máis optimista pondo o acento no feito de que as persoas entrevistadas que declaran carecer por completo de información (“nada informados”) supoñen menos dun quinto da mostra.

Cando se pide aos entrevistados que dixeron ter algunha información sobre as ONGD (é dicir, a todos, agás os que confesaron que non están “nada informados” ou se abstiveron de dar unha estimación do seu grao de información) que mencionen organizacións concretas de cuxas actividades teñan coñecemento, ao redor dun terzo deles non son quen de dar o nome de, polo menos, unha ONGD (son o 31,7% se aplicamos un criterio laxo ao avaliar as respostas, aceptando como válidas as mencións a ONG cuxas actividades céntranse en áreas diferentes da axuda para o desenvolvemento ou a organismos multilaterais, e o 35% se seguimos un criterio máis restrinxente e descártanse respostas dese tipo). Se recalculamos estas porcentaxes con respecto ao total da mostra (que son, entón, 25,8% e 28,3%) e lles sumamos as persoas entrevistadas que se declaraban “nada informados” sobre as ONGD, podemos concluír que **ao redor do 45% da cidadanía galega non coñece ningunha ONGD en medida suficiente como para mencionala cando se lle pide que dea o nome dalgunha de cuxa**

6 Emporiso, ao interpretar este dato cómpre ter en conta que parte das informacións dos medios de comunicación refírense a actividades ben da Xunta, ben das organizacións e asociacións dedicadas á cooperación e o desenvolvemento, cuxo impacto indirecto é, así, moito maior que o directo. Ademais, podería preguntarse se algúns entrevistados que din adquirir o seu coñecemento por informacións nos medios de comunicación non confunden a natureza do medio (prensa escrita, por exemplo) coa identidade do informante (a Xunta de Galicia, por exemplo, ao pór en marcha unha campaña a través, entre outros medios, da prensa escrita). Aínda así, hai que recoñecer que o impacto directo das campañas de información e sensibilización dos axentes da cooperación é máis ben modesto.

actividade teñan coñecemento.

Amais, ata os entrevistados que son quen de nomear algunha ONGD fan, en xeral, un número moi pequeno de mencións. A gran maioría nomean só unha ou dúas organizacións, mentres que a porcentaxe que representan os que mencionan cinco (o número máximo admitido polo cuestionario) é exíguo (ao redor do 1%, ata aplicando un criterio laxo para avaliar a adecuación da resposta). Como é natural, o número medio de mencións para as persoas entrevistadas ás que se lles expón esta pregunta varía segundo o rigor aplicado na identificación de respostas válidas e segundo a media se calcule para os preguntados sobre este punto ou para o conxunto da mostra (imputando un valor de cero mencións aos entrevistados que se ven a si mesmos como absolutamente carentes de información sobre as ONGD). Mais, en calquera caso, a media sitúase ao redor dunha mención por entrevistado (entre 0,9 (criterio restritivo, cálculo para toda a mostra) e 1,3 (criterio laxo, cálculo só para os preguntados)⁷.

A mesma conclusión extráese, de xeito máis claro, se cadra, a partir das respostas que dan as persoas entrevistadas que se definen a si mesmas como moi, bastante ou pouco informadas sobre as ONGD cando se lles pregunta se tiveron noticia dalgunha campaña de información e sensibilización cidadá levada a cabo por tales organizacións. Só o 54% dos preguntados sobre este particular (é dicir, o 44% dos entrevistados) respondeu afirmativamente. Xa que logo, a suma das persoas entrevistadas que podemos considerar “descoñecedoras confesas” (as “nada informadas” máis as que, ao ser preguntadas, confesan non ter noticia de ningunha campaña ou declaran non saber se a tiveron) representa máis da metade dos integrantes da mostra (56%).

Pero esta porcentaxe de “descoñecedores” é aínda maior se, ademais das declaracións dos entrevistados acerca de se tiveron noticia dalgunha campaña de información e sensibilización, tense en conta a súa capacidade efectiva para lembrar algunha campaña

concreta. Un 38% dos que din ter noticia dalgunha campaña non poden, con todo, dar datos, por vagos que sexan, acerca de ningunha. Partindo daquela cifra e sumándolle os “nada informados” sobre as ONGD, os que, aínda considerándose informados sobre elas nalgunha medida, din non ter noticias das súas campañas informativas e os que, téndoa no pasado, non poden lembrar ningunha, atopamos que **o nivel de descoñecemento efectivo acerca das campañas de información e sensibilización das ONGD estímase en aproximadamente o 73%.**

Finalmente, menos da metade das persoas entrevistadas (45%) din saber en que consiste o “comercio xusto”, mentres que o resto repártese entre os que nunca oíron falar del (38%) e os que, aínda que oíron falar del con anterioridade, confesan non saber en que consiste exactamente (17%).

En termos xerais, parece existir un elevado grao de congruencia entre todos estes indicadores. O seu exame conxunto reforza e profunda a impresión de que **o nivel de coñecemento que ten a cidadanía galega tanto sobre a política de cooperación e axuda para o desenvolvemento da Xunta de Galicia como sobre as ONGD e as súas actividades é baixo.**

B. Agora ben, neste punto convén retomar o segundo matiz que engadimos á afirmación xeneral de que os galegos teñen máis ben pouca información sobre a área que nos ocupa e **considerar a posibilidade de que, máis que ante un déficit de coñecemento que afecta especificamente a este tipo de políticas, puidésemos estar ante un fenómeno máis xeral.** E iso dende dous puntos de vista.

En primeiro lugar, as accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento pertencen, pola súa natureza mesma, a **un tipo particular de actividades das Administracións (e doutras organizacións implicadas) que non teñen un impacto directo e inmediatamente perceptible sobre os cidadáns aos que aquelas serven.** Noutros casos, isto débese a que se trata de accións que están orientadas en primeira instancia a satisfacer necesidades internas das propias Administracións e organizacións que as levan a cabo e que só repercuten sobre a cidadanía dun modo indirecto, na medida en que constitúen precondicións para a realización das actividades orientadas cara ao exterior da organización; ou a que teñen un carácter altamente especializado; ou a que

7 Hai, ademais, unha gran concentración das respostas nun número pequeno de organizacións: “Médicos sen Fronteiras” (23% das respostas; 30% dos preguntados), “Cruz Vermella” (14,5% e 19%); “Intermón Oxfam” (11% e 14%); “Cáritas”, “Unicef” e “Mans Unidas” (todas elas en torno ao 8 ao 9% das respostas e o 11 ao 12% dos preguntados); e “Fundación Vicente Ferrer” e “Aldeas Infantís” (ao redor do 3% das mencións e o 3 ao 4% dos preguntados). Ningunha outra organización supera o 2% das respostas.

o seu público obxectivo é un segmento moi restrinxido da poboación. No caso que aquí nos interesa, a razón desa falta de impacto inmediato na situación persoal dos cidadáns é máis obvia, pois consiste pura e simplemente en que estamos falando de políticas dirixidas a atender demandas e necesidades de poboacións distintas (e moi distantes) daquela cuxo nivel de coñecemento estamos avaliando.

Sexa cal fora a súa orixe, semella lóxico pensar que esta falta de impacto directo teña como consecuencia natural que os cidadáns estean menos informados sobre a existencia, alcance e axentes responsables da execución destas actividades que sobre aquelas que inflúen de xeito aberto (e en ocasións, decisivo) nas súas propias condicións de vida. Para dicilo con crueza, pódese esperar que os cidadáns teñan menos coñecemento sobre a política de cooperación e axuda para o desenvolvemento que sobre a política sanitaria, educativa, laboral ou de seguridade cidadá, mais exactamente do mesmo xeito que cabe prever que estarán pouco informados sobre as políticas de xestión de recursos humanos das Administracións Públicas, de promoción do I+D+I ou de regulación e xestión das concas hidrográficas. En resumo, **quizais o nivel de coñecemento sobre a cooperación e axuda para o desenvolvemento, que cualificamos baixo, non o sería tanto se dispuxésemos de datos comparables sobre outras áreas de política que tampouco teñen efectos directos e de grande visibilidade sobre a situación persoal dos cidadáns.**

Ademais, en segundo lugar, no caso daquel obxecto respecto do cal atopamos os maiores signos de descoñecemento cidadá, tamén hai razóns para pensar que poderíamos estar ante un síntoma particular dun fenómeno máis xeral. O Estado Autonómico español é un sistema multinivel que leva consigo unha distribución de competencias entre niveis de goberno extremadamente complexa, debido á combinación do seu carácter altamente descentralizado coa existencia dun grande número de áreas nas que hai competencias compartidas ou concorrentes, á existencia de asimetrías e ao feito de que a actual distribución de competencias é o resultado dun proceso de transferencias que tivo ritmos moi diferentes en distintas comunidades e en distintos momentos temporais e que aínda non está definitivamente pechado. Todos estes factores fan que os cidadáns teñan serias **dificultades á hora de identificar que nivel de goberno é responsable (ou, polo menos, responsable principal) da xestión de cada área de políticas.**

Ante a falta de información precisa respecto diso, é doado que a atribución da competencia nun área determinada se faga atendendo a consideracións xerais sobre o peso que, a ollos de cada cidadán, teñen os diferentes niveis administrativos no conxunto da acción de goberno, pero tamén a partir das afinidades que se poden establecer entre esa área e outras cuxa titularidade pareza máis clara. Ademais, pódese esperar que isto ocorra en maior medida no caso de políticas de cuxos *outputs* os cidadáns teñen pouca experiencia directa (como, segundo sinalamos, ocorre coas de cooperación e axuda para o desenvolvemento). Se iso é así, pódese conxectar que, descoñecendo a información ao detalle, moitos galegos tenderán a asociar o impulso e execución de actividades de cooperación á política exterior e, polo tanto, a dar por suposto que delas se fai cargo o goberno central, responsable eminente da política exterior e das relacións internacionais, e non o autonómico.

Xa que logo, o desequilibrio que atopamos entre os niveis de coñecemento acerca da existencia de políticas de cooperación por parte das Administracións central e autonómica podería ser, en realidade, resultado conxunto do imperfecto coñecemento da distribución de competencias entre distintos niveis de goberno por parte dos cidadáns (é dicir, un descoñecemento que non afecta á Administración autonómica en particular, senón á división do traballo existente entre ela e a Administración central) e a tendencia destes a “compensar” ese déficit de información mediante “atallos cognitivos” (a aplicación ás áreas dúbidasas dun xuízo global sobre o peso de cada nivel de goberno e o establecemento de afinidades entre diversas áreas de política, no noso caso entre “cooperación e axuda para o desenvolvemento” e “política exterior”) que, en casos como o que nos ocupa, xeran unha percepción deturpada da realidade⁸.

8 Algunhas das premisas utilizadas neste argumento reciben apoio da información proporcionada por unha enquisa sobre “Atribución de responsabilidades no Estado Autonómico” levada a cabo en Galicia, País Vasco, Cataluña, Andalucía e Castela e León a finais de 2007 e principios de 2008 en virtude dun convenio establecido entre a “Escola Galega de Administración Pública”, o “Instituto de Estudios Sociales Avanzados de Andalucía”, a “Fundació Pi i Sunyer” e o “Centro de Investigaciones Sociológicas”. Dela despréndese que a cidadanía galega (en realidade, a de tódalas CCAA estudadas) ten un coñecemento imperfecto da distribución de competencias entre niveis de goberno no Estado Autonómico (resumible nunha puntuación media de 5,7 sobre 10, practicamente idéntica ás medias para Cataluña (5,9) e País Vasco (5,85)); que, nas áreas de política avaliadas, os galegos tenden lixeiramente a acentuar

C. Finalmente, e de xeito quizais máis importante, é preciso insistir en que, **aínda que o nivel de coñecemento que teñen os galegos sobre as políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento, considerado en termos absolutos, é en xeral bastante baixo – e, nalgúns aspectos, moi baixo –, esa impresión se atenúa cando se contempla en termos relativos, cotexándoo co que se atopa noutras poboacións que constitúen un referente comparativo axeitado.** Concretamente, comparando os resultados obtidos na nosa enquisa cos proporcionados pola “Enquisa sobre desenvolvemento, cooperación internacional para o desenvolvemento e educación para o desenvolvemento” realizada en 2009 polo CEO da Generalitat de Cataluña para a ACCD, áchanse indicios claros no sentido dunha grande semellanza. Así, compróbase que:

- Fronte ao 77,6% de galegos que din oír falar da “cooperación e axuda para o desenvolvemento”, esta cifra redúcese ao 54,2% en Cataluña. En parte esta distancia pódese deber a diferenzas no xeito de expor a pregunta, pero, ata facendo unha interpretación conservadora do dato, semella claro que, polo menos, o nivel de coñecemento dos galegos non é inferior ao dos cataláns.
- As porcentaxes de persoas que din saber en que consiste o compromiso do 0,7% son practicamente iguais: 45,6% en Galicia e 48,4% en Cataluña.

En conxunto, pódese dicir que, aínda tendo en conta a conveniencia de extremar as cautelas á hora de comparar informacións procedentes de enquisas entre cuxos cuestionarios hai disimilitudes importantes, **tódolos datos presentados apuntan á conclusión de que, con independencia de como se valore a súa magnitude absoluta, o nivel de coñecemento ou información que os galegos teñen sobre a existencia e sentido das políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento é homologable ao que teñen os cidadáns cataláns, aos que, con máis ou menos razón,**

as competencias da Administración central fronte ás da autonómica (cunha puntuación de -0,22 nun índice que varía entre 1 (primacía da atribución á Administración autonómica) e -1 (primacía da atribución á Administración central)); e que as súas percepcións erróneas acerca da distribución de competencias proveñen en maior medida da subestimación das competencias da Administración autonómica a favor das da Administración central que

do erro en sentido contrario. (Miguel Caínzos, Carmen Voces, Braulio Gómez Fortes e outros: *Atribución de responsabilidades en el Estado Autonómico*. Informe de explotación de resultados. Inédito).

adóitase considerar en vangarda en coñecementos e actitudes cívicas en España. Certamente, isto non debería ser unha fonte de consolo e resignación ante o descoñecemento detectado en Galicia, pero si obriga a situalo na súa xusta perspectiva.

En definitiva, pensando nas súas implicacións prácticas, os resultados que acabamos de comentar (existencia dun nivel de coñecemento sobre as actividades de cooperación que, en termos absolutos e con carácter xeral, é bastante baixo, descoñecemento particularmente aguda acerca das políticas desenvolvidas neste eido pola Xunta de Galicia (pero tamén, non o esquezamos, sobre o traballo das ONGD) e escasa incidencia das campañas de información e sensibilización levadas a cabo polos axentes implicados) poñen de relevo a **presenza dun importante déficit de información por parte da cidadanía e de capacidade de informar con eficacia por parte tanto das Administracións como dunhas organizacións que, xurdidas da sociedade civil, reciben financiamento público, entre outras cousas, para desempeñar esa función de información e sensibilización cidadá.**

Ao mesmo tempo, con todo, é aconsellable pór en perspectiva – e, neste senso, relativizar – este problema, non para quitarlle importancia senón para comprendelo mellor e facerlle fronte de xeito máis efectivo. De aí a nosa insistencia en sinalar que **probablemente a desinformación que detectamos non é un fenómeno específico e illado que afecte só ás políticas de cooperación e unicamente á poboación galega, senón que, por unha banda, pode formar parte dunha síndrome máis ampla de falta de coñecemento sobre as políticas que non teñen impacto inmediato na vida dos cidadáns e, doutra banda, presenta unha magnitude similar noutras comunidades autónomas.**

2. Sensibilidade cara a e opinións sobre os problemas dos países empobrecidos.

Á marxe de que os galegos estean ben ou mal informados, para os responsables da política de cooperación e axuda para o desenvolvemento é importante saber se entre os cidadáns predominan as actitudes favorables ou contrarias a ela e se teñen opinións e preferencias definidas sobre cales

deben ser os seus obxectivos, destinatarios e modo de execución. Como suxire o sentido común e confirmaron as ciencias sociais, a intensidade das actitudes, opinións e preferencias que ten a xente e a súa capacidade para producir efectos socialmente relevantes non dependen de se están ou non baseadas nun coñecemento axeitado do obxecto ao que se refiren. As opinións e actitudes sobre obxectos concretos acerca dos cales tense pouco coñecemento poden ter unha gran forza e importantes consecuencias aínda que se baseen na aplicación de orientacións de valor e disposicións subxectivas de carácter xenérico a un dominio particular.

Tendo isto en conta, a nosa aproximación á actitude e opinión da cidadanía galega sobre a área que nos ocupa tivo como punto de arranque a obtención dalgúns datos sobre a sensibilidade que a cidadanía ten cara ao problema da pobreza e a desigualdade internacional e cara á situación dos países empobrecidos. É razoable pensar que a existencia de preocupación por tales asuntos proporcionará unha base para a formación de actitudes favorables ás accións destinadas a facerlles fronte, particularmente ás políticas de cooperación.

Os datos poñen de manifesto que **os galegos son sensibles ao problema da pobreza e a desigualdade internacional, o sitúan en primeiro plano entre aqueles aos que se enfronta o mundo na actualidade, expresan un alto grao de preocupación pola situación dos países empobrecidos e teñen unha concepción das causas destes fenómenos que probablemente propicia a formación de actitudes favorables á existencia de políticas de axuda para o desenvolvemento.**

Para apoiar estas afirmacións será suficiente dar unhas cantas cifras (véxase o gráfico 2). Preto da metade dos cidadáns (46,6%) mencionan a pobreza e as desigualdades como o problema máis importante do mundo, seleccionándoo dunha lista na que aparecen problemas tan graves como a crise económica, o terrorismo internacional, as guerras, o cambio climático e a crise enerxética. Ademais, unha inmensa maioría dos entrevistados declara estar persoalmente moi preocupado (35,9%) ou bastante preocupado (51,1%) pola situación dos países empobrecidos.

É verdade que estes datos están seguramente afectados por un “efecto de desexabilidade social” (tendencia da persoa entrevistada a responder o que supón máis acorde coa norma social que define que opinión ou conduta é apropiada, a fin de xerar unha imaxe positiva de si mesma), pero, aínda así, parécennos reveladores por varias razóns.

En primeiro lugar, porque se ás persoas entrevistadas que mencionan como principal problema do mundo a pobreza e a desigualdade sumámoslles as que citan as guerras e conflitos armados, a miúdo desencadeantes de crises humanitarias que dan lugar a intervencións por parte dos axentes impulsores das actividades de cooperación, atopamos que a porcentaxe de persoas que poñen en primeiro plano problemas que forman parte da axenda da cooperación internacional elévase a un 58,8%.

En segundo lugar, porque este dato obtense nun contexto marcado por unha profunda recesión económica, o cal permitiría ás persoas entrevistadas antepor a preocupación pola crise á que lles suscita a pobreza e a desigualdade sen considerar que esta resposta puidese ser mal vista socialmente. Isto debería atenuar o posible “efecto de desexabilidade social”. Xa que logo, os datos obtidos apuntan á existencia dunha sensibilidade cara á pobreza internacional profundamente arraigada na opinión pública.

Ademais, cando se pregunta aos entrevistados cales son, ao seu xuízo, as principais causas da situación dos países empobrecidos, dous terzos deles sinalan factores esóxenos a eses países (“o modo de actuar dos países ricos” ou “o sistema económico mundial”) (véxase o gráfico 3). Agora ben, parece razoable supor que os cidadáns que cren que os problemas dos países empobrecidos proveñen principalmente do exterior e presentan un alto grao de interdependencia coa situación dos países ricos (ben porque as accións destes son a causa directa da pobreza e o subdesenvolvemento, ben porque eles benefíciense do mesmo sistema que prexudica aos países empobrecidos) tenderán a pensar tamén que os países ricos deben contribuír soluciónalos ou, polo menos, mitígalos. E é probable que, á súa vez, isto xere unha predisposición favorable ás políticas de axuda para o desenvolvemento.

3. Actitudes cara ás políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento, en xeral e con

referencia a España e Galicia.

Mais, hai nos nosos datos probas claras e directas da prevalenza de tales actitudes favorables ás políticas de cooperación?; se é así, están xeneralizadas entre o conxunto da poboación galega?; consisten simplemente nun apoio difuso á idea de que os países ricos deben axudar aos empobrecidos ou se concretan nun apoio específico á promoción de actividades de cooperación por parte das Administracións Públicas española e galega, co esforzo orzamentario que iso implica?

A enquisa proporciona todo un abano de indicadores que permite dar resposta a estes interrogantes dende distintos ángulos (véxanse algúns deles nos gráficos 4 e 5). A conclusión que se extrae do seu exame é claro: **os partidarios das accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento constitúen unha amplísima maioría entre a cidadanía galega e a súa actitude favorable maniféstase con independencia de que aspecto daquelas políticas se teña en conta e de cal sexa o grao de xeneralidade e abstracción en que se lles considere. Pódese, pois, afirmar que na opinión pública galega hai un consenso case xeneralizado a prol das políticas de cooperación.**

Cando a cuestión se expón **nos termos máis xenéricos**, preguntando ás persoas entrevistadas se cren que os países ricos deben destinar recursos a axudar aos países empobrecidos, case se alcanza a unanimidade na resposta positiva (98%).

A significación desta disposición positiva non se ve menoscabada polo feito de que maioritariamente vaia acompañada pola convicción de que se debería vincular a axuda ao cumprimento de determinadas condicións **por parte dos países beneficiarios**, como indican as respostas a unha pregunta directa sobre este punto que permite clasificar aos entrevistados en catro grupos: unha clara maioría de partidarios da concesión de axudas condicionadas (74%); unha minoría relevante (19,5%) que opta polas axudas incondicionadas; ao redor dun 6% que se mostran indecisos entre unha e outra modalidade, pero en todo caso son partidarios da existencia da axuda; e unha proporción exigua (0,5%) que se declara categoricamente en contra desta⁹. En realidade,

pódese pensar que esta maioritaria preferencia polo establecemento de condicións outorga credibilidade adicional ás declaracións favorables á axuda, pois invitan pensar que estas non se deben interpretar como simple expresión dunhas “boas intencións” superficiais e desposuídas de todo sentido da responsabilidade ou realismo, senón que comportan o recoñecemento de que o esforzo que as políticas de cooperación supón para os países que as promoven debe ter como contrapartida obrigas para os receptores que aumenten a probabilidade de que a axuda se empregue para cumprir os fins que con ela se persegue.

A mesma actitude favorable á cooperación reflíctese tamén na tremenda maioría de cidadáns que consideran que os países ricos deben cumprir o seu compromiso de dedicar o 0,7% do seu PIB a axuda para o desenvolvemento: están a favor o 96%, fronte a case un 3% que aseguran estar en contra, cifras que, unha vez máis, son practicamente idénticas ás rexistradas en Cataluña (97% a favor e ao redor de 2% en contra). Pódense aducir diversas razóns para relativizar o valor deste dato, recordando que a porcentaxe de persoas entrevistadas que declararan coñecer con exactitude o significado deste compromiso era bastante baixo ou interpretándoo máis como unha adhesión ao principio moral de que quen adquire un compromiso, sexa o que sexa, debeo cumprir que como un apoio dirixido especificamente ao contido deste compromiso en particular. Pero é difícil crer que se puidese dar semellante grao de consenso se non estivese moi difundida a convicción de que a dedicación de recursos á axuda é intrinsecamente desexable.

Esta impresión vese confirmada novamente cando, co propósito deliberado de obrigar aos entrevistados a definir as súas **actitudes nun marco de referencia realista**, se lles expoñen preguntas nas que, por unha banda, contéplase a posible existencia dun conflito (ou, polo menos, a necesidade de establecer unha xerarquía de prioridades e unha secuencia temporal) entre a dedicación de recursos á axuda aos países empobrecidos e á resolución dos problemas dos cidadáns dos propios países emisores de axuda e, doutra banda, se lles inquire sobre a conveniencia de manter, aumentar ou diminuír o investimento en axuda para o desenvolvemento nun momento de profunda crise económica.

9 Aos entrevistados que piden aclaracións sobre o tipo de condicións ás que se refire a pregunta menciónanselles exemplos como as garantías de transparencia, a loita contra a corrupción, o respecto

aos dereitos humanos, o impulso á democracia ou a realización de reformas económicas por parte dos países destinatarios da axuda.

No primeiro caso, ao redor de tres cuartas partes das persoas entrevistadas (un 76%) sosteñen que se debe dedicar recursos á axuda para o desenvolvemento sen esperar a solucionar os problemas dos cidadáns dos países ricos, mentres que só un 20,6% apoia a tese de que os gobernos destes países deben resolver os problemas da súa propia cidadanía antes de axudar aos países empobrecidos. Algo semellante atópase no segundo caso: un 69,5% das persoas entrevistadas avoga polo mantemento (56,4%) ou ata aumento (14,1%) dos recursos dedicados a cooperación aínda nunha situación de crise económica tan aguda como a actual, fronte a só un 16,6% que se pronuncia a favor da súa redución.

Ao examinar as actitudes cara ás políticas de cooperación nun nivel de menor de xeneralidade, fixéndonos naquelas que teñen como referente as accións de cooperación do goberno español e da Xunta de Galicia, reproducése a mesma tónica de clara preponderancia das posicións favorables. O 91,8% dos entrevistados son partidarios de que realice este tipo de actividades a Administración Central, mentres que un 83,9% ten unha posición favorable a que o faga a Xunta de Galicia.

A **comparación** entre este último dato e o que proporciona para Cataluña a enquisa CEO-ACCD mostra un altísimo grao de coincidencia: os partidarios de que o goberno autonómico dedique recursos a actividades de cooperación e axuda para o desenvolvemento son en Cataluña o 86,4% dos cidadáns, fronte ao 83,9% que estimamos para Galicia. Obviamente, a diferenza entre ámbalas dúas cifras é irrelevante¹⁰.

Os datos globais de apoio ás políticas de cooperación por parte dos cidadáns galegos calculáronse a partir da combinación das respostas a varias preguntas diferentes¹¹. Pode ser interesante sinalar que a

disposición favorable a estas políticas nos dous niveis de goberno atópase tamén cando os datos se calculan só para os cidadáns que coñecen a súa existencia, pois son poucos os que consideran que os recursos investidos nelas son excesivos; a gran maioría declara que o gasto é axeitado ou menor do desexable. É destacable, de tódolos xeitos, a presenza de porcentaxes elevadas de cidadáns coñecedores da existencia das políticas de cooperación que, con todo, decláranse incapaces ou non están dispostos a valorar a contía do gasto que se fai nelas (23,6% con respecto ó goberno español e 29% no que atinxe á Xunta), algo razoable tendo en conta que, como vimos anteriormente, o nivel de coñecemento que teñen os cidadáns sobre o volume de recursos asignados a estas accións é baixo.

Volvendo aos datos globais, para o conxunto da mostra, o feito de que as cifras relativas ao goberno español e as referidas á Xunta sexan bastante similares fai que resulte plausible interpretalas como reveladoras dunha **actitude xeral ou “por principios” favorable á existencia de políticas de cooperación**, que é independente da información da que dispón a persoa entrevistada e do seu xuízo sobre a adecuación do gasto realizado nun determinado nivel administrativo. De tódolos xeitos, non hai que desprezar por completo o feito de que o apoio á súa realización por parte do goberno central sexa oito puntos porcentuais maior que o referido á Xunta de Galicia, que indica que hai unha porción apreciable de cidadáns (case unha décima parte) que perciben que sería máis apropiado que este tipo de accións pertencesen ao ámbito competencial da Administración central. Aínda que este dato podería reflectir unha preferencia xeral deses cidadáns por unha reasignación das competencias entre niveis administrativos que atribúa maior peso á Administración central máis que unha opinión referida especificamente á política de cooperación.

Dous datos máis confirman a xeneralizada inclinación a prol das políticas de cooperación e axuda. O primeiro é que unha maioría das persoas entrevistadas (72%) móstrase partidaria de que a Xunta dedique o 0,7% do PIB galego a axudar aos países empobrecidos. As demais persoas entrevistadas divídense en dous grupos: aquelas que non saben ou non contestan (8,4%) e as adversarias do cumprimento deste obxectivo, que alcanzan a nada desprezable porcentaxe do 19,6%. Aínda que preguntáselles directamente se están a prol ou en contra de que ese goberno leve a cabo accións cooperación con cargo aos seus orzamentos. A porcentaxe total de partidarios e detractores resulta de combinar as cifras obtidas a partir destes dúas vías de interrogación.

10 Na enquisa catalana non se pregunta sobre o apoio á realización destas accións por parte do goberno central.

11 Aos entrevistados que saben que un determinado goberno (o español ou o galego) leva a cabo accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento pídeselles que valoren se os recursos dedicados a ese fin son adecuados, excesivos ou insuficientes; enténdese que quen cren que o nivel de gasto é adecuado ou insuficiente están a favor da existencia deste tipo de políticas. Pola súa banda, aos entrevistados que declaran que o gasto é maior do debido ou non saben que o goberno en cuestión executa políticas de cooperación (é dicir, declaran expresamente non sabelo ou cren que non o fai)

a cifra de partidarios é agora bastante menor que a que se atopaba con respecto ao cumprimento daquel compromiso por parte dos “países ricos” en xeral (a diferenza entre os niveis de apoio nun e outro caso son duns quince puntos porcentuais), a posición favorable segue sendo preponderante. O segundo dato é que, cando se pregunta se a Xunta de Galicia debe destinar recursos propios a responder a crises humanitarias e urxencias noutros países, un 64,5% dos enquisados responde afirmativamente.

Resumindo canto dixemos, pódese afirmar que **na cidadanía galega hai un incontestable predominio das actitudes favorables ás políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento. Ese elevado nivel de apoio ponse de manifesto a través de moi diversos indicadores, dáse con independencia de cal sexa o nivel de xeneralidade en que se sitúa o referente das actitudes avaliadas, mantense ata cando se teñen en conta consideracións “realistas” (como a situación de crise económica ou a persistencia de problemas que afectan aos cidadáns dos propios países promotores da axuda) e acada unha magnitude moi semellante á que ten en Cataluña.**

A fin de ofrecer un dato de resumo que permita calibrar ata que punto é válida esta conclusión xeral, calculouse un **índice de actitudes cara á política de cooperación e axuda para o desenvolvemento**, construído a partir de sete ítems de información: a expresión de preocupación pola situación dos países empobrecidos, a opinión acerca de se os países ricos deben destinar recursos a axudar aos países empobrecidos, a opinión acerca de se o goberno español debe dedicar recursos á cooperación para o desenvolvemento, a opinión acerca de se debe dedicalos a Xunta de Galicia, a opinión acerca de se se debe manter a axuda para o desenvolvemento nun momento de crise económica como o actual, a opinión acerca de se os países avanzados deben cumprir o seu compromiso de dedicar o 0,7% do seu PIB á axuda para o desenvolvemento e a opinión acerca de se as Administracións Públicas deben contribuír ao financiamento das ONGD. No primeiro caso, asignáronse valores ás respostas seguindo o mesmo criterio que se aplicou para a información autoatribuída sobre ONGD (é dicir, 1 a “moito”, 0,75 a “bastante”, 0,5 a “pouco” e 0 a “nada”). Nos outros seis, codificouse como 1 a presenza de opinión favorable e como 0 a súa ausencia; cando hai varias respostas que se poden considerar favorables, a cada unha delas asígnaselle o mesmo

valor (1). Como o de coñecemento, o índice de actitudes consiste na suma dos valores destes sete ítems, mais foi reescalado para que varíe entre 0 (actitudes minimamente favorables) e 10 (actitudes máximamente favorables).

Para o conxunto da mostra, no índice de actitudes atopamos unha media de 8,17 (cunha desviación típica de 1,59), un valor francamente alto.

É certo que, de novo, os nosos resultados poderían estar afectados por unha certa “desexabilidade social” que levaría consigo unha sobreestimación da prevalenza de actitudes favorables á axuda para o desenvolvemento. Con todo, o predominio de tales actitudes é tan intenso e tan consistente a través de distintos indicadores que a conclusión obtida merece unha grande confianza.

Pecharemos este apartado sinalando que, como se suxería ao final do apartado anterior, hai unha relación positiva entre, dun lado, sensibilidade cara aos problemas dos países empobrecidos (que se plasma tanto na preocupación declarada pola situación destes como na consideración da pobreza e as desigualdades como principal problema do mundo na actualidade) e, doutro lado, actitudes favorables ás políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento. Sempre, está claro, dentro da tónica xeral de claro predominio dos partidarios sobre os detractores deste tipo de políticas.

4. Opinións sobre a eficacia da axuda para o desenvolvemento e sobre posibles medidas capaces de mellorar a situación dos países empobrecidos.

Aínda que, como vimos de ver, os galegos dan un amplo respaldo á existencia de políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento, iso non se debe a que teñan unha visión optimista acerca da capacidade demostrada por tales políticas para contribuír eficazmente a mellorar a situación dos países destinatarios da axuda. Ben ao contrario, **a opinión pública galega é bastante escéptica respecto da eficacia destas políticas.**

Pouco máis dunha cuarta parte dos cidadáns cre que a eficacia das accións de cooperación e axuda é moita (3,3%) ou bastante (23,5%). Fronte a eles, hai máis de dous tercios (68,2%) que consideran que é pouca (57,4%) ou ningunha (10,8%) e un 5% que non ten unha opinión formada (véxase o gráfico 6).

Como é posible que a cidadanía galega dea tanto apoio ás políticas de cooperación e, ao mesmo tempo, teña unha opinión tan negativa acerca da eficacia que tiveron ata o de agora? Probablemente, a resposta a este aparente paradoxo atópase nos motivos dados para o seu escepticismo polas persoas entrevistadas que cren que a axuda para o desenvolvemento é pouco ou nada eficaz.

Só unha pequena minoría (en torno ao 10%) o atribúen á convición de que os problemas dos países empobrecidos son insolubles ou á crenza de que a axuda é contraproducente porque xera incentivos perversos para os seus beneficiarios (isto é, “porque, ao recibir a axuda, a xente esfórzase menos”). En cambio, a maioría parece crer que a axuda ten un potencial de eficacia que non se materializa, xa sexa debido á interferencia de actores políticos e económicos (os dirixentes dos países receptores, mencionados como causa de ineficacia por un 60% dos pesimistas, ou as empresas e os gobernos dos países desenvolvidos, que mencionan o 47%) ou a que, por unha ou outra razón, non chega a quen deberan ser os seus destinatarios (58%). É dicir, **a ineficacia da axuda non é vista como algo inherente a ela, senón como resultado de obstáculos externos.**

Diríase que os cidadáns consideran que a superación destes obstáculos non é imposible e que iso fai desexable o mantemento e fomento das políticas de cooperación. Esta interpretación semella máis plausible se lembramos que as persoas entrevistadas se mostraban maioritariamente partidarias de vincular a axuda ao cumprimento de condicións por parte dos receptores. Ao ter en conta simultaneamente os tres elementos – apoio á axuda para o desenvolvemento, razóns para dúbida da súa eficacia actual e preferencia por condicional – aparece unha visión consistente (e ata relativamente sofisticada) na que as actitudes favorables cara á axuda e o escepticismo sobre a súa eficacia poden coexistir sen contradición algunha.

Nesa visión de conxunto encaixa ben a pauta de

respostas que atopamos ao preguntar cales son as medidas que, segundo os entrevistados, contribuirían en maior medida a mitigar os problemas dos países empobrecidos. Aínda que unha porcentaxe bastante elevada de persoas entrevistadas (30,4%) menciona o incremento da axuda, son notablemente máis altas as porcentaxes daqueles que atribúen aquel papel ás medidas que apuntan a factores internos aos países empobrecidos: o 57,3% á evitación de conflitos armados e o 46% ao fortalecemento da democracia e o combate da corrupción. E, aínda que, tomadas por separado, medidas como a eliminación das barreiras comerciais, o aumento dos investimentos das empresas estranxeiras e a condonación da débeda reciben menos mencións, a suma das porcentaxes de entrevistados que indican polo menos unha destas tres medidas económicas ascende ao 56% de enquisados. Estes datos poñen de manifesto que o apoio ás políticas de cooperación, ademais de ser compatible cunha valoración crítica dos resultados que estas alcanzaron ata agora, non implica crer que sexan o único (en moitos casos, nin sequera o principal) medio para mellorar a situación dos países empobrecidos, senón, máis ben, un instrumento entre outros para facer fronte a un problema complexo e difícil que ha de ser atacado dende distintas fronteas.

5. Valoración do desempeño de diversos axentes de cooperación.

Con independencia da percepción que os cidadáns teñan da eficacia das políticas de axuda para o desenvolvemento, é importante coñecer que valoración fan das actuacións dos axentes implicados na súa elaboración e execución. A nosa enquisa fornece información de dous tipos sobre este punto:

- A. datos sobre a valoración global que os cidadáns fan das actividades da Xunta de Galicia e as ONGD, consideradas separadamente e en termos absolutos, puntuándoas nunha escala de 0 a 10;
- B. información sobre cales son, a xuízo das persoas entrevistadas, os axentes cuxo modo de actuar é máis eficaz, transparente e inspirador de confianza (gráfico 7).

A. En relación co primeiro aspecto, e tendo en conta que as valoracións proceden unicamente dos entrevistados que declararon estar informados sobre

as actividades dos actores avaliados¹², atopamos que **a valoración media que recibe a actuación da Xunta de Galicia nesta área é de 5,67**, cunha desviación típica de 1,75, **namentres que o traballo das ONGD recibe unha valoración media de 6,55**, cunha desviación típica de 2,05. Un 53,2% dos que puntúan a actuación da Xunta danlle unha nota igual ou superior a 7; ás ONGD danlles puntuacións situadas nese intervalo o 55,2% de quen as avalían. En cambio, son inferiores a 5 o 11,2% das puntuacións que recibe a Xunta e o 15% das que se dan ás ONGD.

Como se deben interpretar estas puntuacións? Podémolo facer en dous pasos sucesivos, cada un dos cales engade un matiz novo, considerando primeiro cada unha das puntuacións en si mesma e comparándoas logo entre si.

Para comezar, subliñaremos o feito de que **en ámbolos dous casos a valoración media supera con bastante folgura a convencional fronteira do 5, punto medio da escala que se adoita considerar indicativo dun nivel de “aprobado”**, e que a proporción de cidadáns que “suspenden” á Xunta ou ás ONGD é pequena. Xa que logo, pódese afirmar que a valoración que reciben as accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento da Xunta e das ONGD é **moderadamente positiva**, aínda que, ao mesmo tempo, **hai unha ampla marxe para a mellora**.

Con todo, esta simple constatación non é suficiente, porque a experiencia mostra que cada tipo de obxectos é avaliado de acordo cunha norma de valoración distintiva, o cal fai que a cifra a partir da cal a puntuación recibida se pode considerar realmente satisfactoria varíe dunha esfera social a outra. Isto quere dicir que só se pode dar unha interpretación cabal ás puntuacións que obtivemos dende unha perspectiva comparativa. O ideal sería contar cunha serie de medicións ao longo do tempo, que permitiría determinar se chegou a se producir unha evolución positiva ou negativa das valoracións. En ausencia dese tipo de información lonxitudinal, o único que se pode facer é comparar entre si as valoracións

que reciben os dous actores por parte da cidadanía galega.

A comparación conduce á obvia constatación de que **a puntuación media obtida polas ONGD é case nove décimas máis alta que a outorgada á Xunta. Parece claro, pois, que a cidadanía galega ten en maior estima o traballo nesta área das ONGD que o do goberno autonómico**. Con todo, convén rodear de cautela esta conclusión. **É probable que o feito de que as ONGD sexan valoradas máis positivamente que a Xunta de Galicia non se deba tanto a un xuízo negativo da actuación do goberno galego en particular como a unha tendencia máis xeral a valorar ás Administracións (ou, polo menos, ás Administracións autonómicas) peor que ás ONGD**. O cal poderíase explicar pola aplicación dunha norma valorativa máis rigorosa ás institucións públicas, ou pola desigual influencia das preferencias partidistas (cunha tendencia á avaliación positiva polos afíns ao partido no goberno e á valoración negativa polos seus adversarios)¹³, aínda que sería necesario levar a cabo unha análise estatística máis detallado para determinar cal é o efecto neto resultante do balance de tendencias partidistas de distinto signo, ou, pura e simplemente, porque, con independencia dos méritos e deméritos da actuación de cada Administración autonómica en particular, a súa “imaxe” é, en xeral, peor que a das organizacións da sociedade civil.

B. Algo disto pódese ver nos datos sobre a valoración comparativa que os cidadáns fan dos distintos actores da cooperación ou, máis exactamente, as súas declaracións sobre que tipo de actor (Administracións públicas, Igrexa e ONGD)

13 Así se pode comprobar comparando os datos sobre as puntuacións medias que dan á acción da Xunta os entrevistados de diferentes ubicacións ideolóxicas e lembranza de voto e sobre a variación das valoracións que reciben as ONGD segundo esas mesmas variables. Se prescindimos, a efectos deste comentario, dos datos sobre categorías residuais (como os votantes doutros “partidos”), as diferenzas máis grandes que se atopan para a valoración media do desempeño da Xunta son de 1,5 segundo a ubicación ideolóxica (distancia entre os situados na esquerda e no centro-dereita) e 0,9 segundo lembranza de voto (entre os votantes do PP e os do PSdeG-PSOE), mentres que para a valoración do traballo das ONGD as distancias máximas quedan reducidas a 0,6 segundo a ideoloxía (distancia entre os situados no centro e no centro-dereita) e 0,3 segundo lembranza de voto (novamente entre os votantes do PP e do PSdeG). Como se ve e segundo era esperable, as preferencias ideolóxicas e partidistas “contaminan” en medida moito máis alta as puntuacións que recibe a Xunta.

12 Para a Xunta, os que saben que esta realiza actividades de cooperación e axuda para o desenvolvemento (346 entrevistados, dos cales só dan unha valoración 236); para as ONGD, os que se declaran moi, bastante ou pouco informados sobre a súa existencia e as súas actividades (986, dos cales dan unha valoración 943).

parécelles o máis eficaz, o máis transparente e o máis inspirador de confianza cando o que está en xogo é a realización de actividades de cooperación e axuda.

O primeiro que chama a atención é que as respostas ás preguntas referidas aos tres atributos son moi semellantes entre si, tanto a nivel individual como a nivel agregado: cada axente recibe unha porcentaxe total de mencións moi similar nas distintas dimensións e cada persoa entrevistada tende a seleccionar o mesmo actor con independencia de que atributo se trate de avaliar. En suma, as avaliacións dos cidadáns sobre os actores exhiben unha grande congruencia a través de distintas dimensións ou calidades, o cal probablemente indica que baixo elas subxace unha avaliación máis xeral e abstracta, da que cada unha constitúe unha expresión parcial¹⁴.

Pero, cales son os axentes de cooperación mellor valorados? A resposta é clara: os entrevistados consideran que **as ONGD e as Administracións Públicas (seleccionadas por unha proporción de aproximadamente un terzo de cidadáns)** son, por esta orde, e con diferenzas entre elas cuxa magnitude varía segundo o atributo valorado (sen superar os 5 puntos, na dimensión da eficacia), actores case igualmente eficaces, transparentes e inspiradores de confianza na realización de actividades de cooperación e axuda para o desenvolvemento e, en todo caso, máis eficaces, transparentes e inspiradores de confianza que **a Igrexa** (seleccionada por apenas unha décima parte dos cidadáns).

Tomados conxuntamente, os datos sobre as valoracións que reciben o desempeño da Xunta e das ONGD e sobre a valoración comparativa dos distintos actores, pon de relevo que as ONGD son un tipo de actor particularmente ben considerado pola cidadanía galega. Con todo, iso non significa que a cidadanía galega crea que estas asociacións deban asumir o protagonismo ou responsabilidade principal na xestión e execución das políticas de cooperación. Así se pon de manifesto ao examinar as súas preferencias sobre algúns aspectos concretos destas políticas.

6. Opinións e preferencias sobre aspectos particulares das accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento.

A enquisa solicitou información sobre as preferencias da cidadanía galega acerca dos seguintes aspectos concretos:

- A. os axentes responsables da cooperación;
- B. os obxectivos prioritarios para a axuda para o desenvolvemento en xeral;
- C. as materias en que debe concentrar a súa actuación a Xunta de Galicia;
- D. as zonas xeográficas a que esta debe atender de xeito preferente;
- E. as tarefas que deben desempeñar principalmente as ONGD;
- F. o tipo de persoal con que estas organizacións deben traballar;
- G. a súa fonte principal de financiamento.

A. Preferencias por axentes responsables da cooperación.

As preferencias polos organismos ou institucións que deberían ter máis responsabilidade na axuda para o desenvolvemento **inclínanse de forma claramente maioritaria polos gobernos e as administracións dos países avanzados**. Esta é a opción elixida por un 56% dos entrevistados, fronte a un 30% que optan polos organismos internacionais e pouco máis dun 5% que mencionan ás ONGD. Este resultado é rechamante por dúas razóns.

En primeiro lugar, contrasta co feito de que as ONGD sexan un axente que ten unha imaxe particularmente boa entre a cidadanía. Diríase que os galegos distinguen claramente dous planos: dun lado, a valoración das calidades de cada tipo de actores e, doutro lado, a consideración pragmática acerca de cal debe asumir o protagonismo nas actividades de cooperación.

Mais, en segundo lugar, pode resultar algo sorprendente que se outorgue un papel secundario

¹⁴ Por iso é polo que, a fin de evitar redundancias, no gráfico 7 preséntense só os datos sobre a atribución de confianza.

aos organismos internacionais, tendo en conta a natureza dos problemas que se trata de resolver coa axuda e da necesidade de coordinación que impón a pluralidade de actores que participan tanto na provisión de recursos como na xestión e execución destas accións. É posible que, de novo, primen consideracións realistas, conducentes a pensar que, en último termo, son os gobernos e administracións dos países avanzados os que dispoñen dos recursos e a autonomía suficientes para impulsar as políticas de axuda para o desenvolvemento e ata para condicionar positiva ou negativamente a actuación dos organismos internacionais, que dependen deles financeira e politicamente¹⁵.

É interesante observar que hai unha notable converxencia entre as preferencias que acabamos de describir e as expresadas polos cataláns na enquisa CEO-ACCD: en ámbolos dous casos pénsase que os gobernos e administracións dos países avanzados deben asumir a máxima responsabilidade nesta área.

B. Preferencias por obxectivos da política de cooperación para o desenvolvemento.

As preferencias dos cidadáns galegos no que atinxe a cales deben ser os obxectivos aos que se deben encamiñar prioritariamente as accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento están marcadas polo que poderíamos chamar **un predominio claro dos obxectivos tradicionais, materialistas e ligados á satisfacción de necesidades básicas**.

Tanto entre os axentes de cooperación como entre os expertos na materia foise abrindo paso unha axenda ampliada para estas políticas, que incorporou, xunto a obxectivos tradicionais como a loita contra a fame, a mellora das condicións sanitarias, o impulso da educación, a creación de infraestruturas e o impulso de

actividades produtivas, outros relativamente “novos”, a miúdo conceptualizados como “transversais”, tales como a promoción da igualdade (en particular, entre homes e mulleres), o respecto entre culturas ou a protección do medio ambiente, así como obxectivos políticos como a democratización, a garantía dos dereitos humanos ou o bo goberno democrático.

Con todo, a xulgar polos datos producidos pola enquisa, a concepción que os cidadáns teñen da “axenda da cooperación” caracterízase por unha incuestionable preponderancia dos obxectivos “tradicionais” (gráfico 8). Loitar contra a fame, facilitar o acceso á educación e dar atención sanitaria son obxectivos que supón, cada un deles, ao redor dunha cuarta parte das respostas e que son mencionados por entre o 45% e o 50% dos entrevistados (as persoas entrevistadas podían escoller dous obxectivos). No polo oposto, ningún dos obxectivos transversais chega a ser seleccionado por sequera o 10% das persoas entrevistadas ou alcanza o 5% das respostas (só un 7,7% (3,8% das respostas) que mencionan a redución da desigualdade entre os homes e as mulleres, e quedan bastante por baixo do 5% os que indican o impulso do respecto entre culturas ou a protección do medio ambiente).

Quizais este contraste entre a presenza dos obxectivos “tradicionais” e os “novos e transversais” pódese explicar porque aqueles teñen que ver con necesidades básicas e perentorias. Con todo, non por iso é menos rechamante. Primeiro, porque as persoas entrevistadas podían dar dúas respostas (e, en xeral, así o fixeron), o cal, en principio, debería facilitar a aparición dunha “axenda mixta” (isto é, na que se combinan elementos “tradicionais” e “innovadores”) na medida en que esta estivese presente na opinión pública. E, en segundo lugar, porque, as mencións a obxectivos “novos e transversais” quedan por detrás non só das que reciben os obxectivos ligados á satisfacción de necesidades “radicais”, senón tamén das que se fan a obxectivos económicos (fomentar a creación de emprego: 12,2% das respostas 24,3% dos entrevistados) e políticos (promover a democracia e os dereitos humanos: 6,7% das respostas; 13,4% dos entrevistados).

C. Preferencias por materias nas que concentrar os recursos e os esforzos da política de cooperación da Xunta de Galicia.

Axerarquía de preferencias dos enquisados acerca de en que materias debe concentrar a Xunta de Galicia

15 Estes dous aspectos rechamantes dos resultados deixan de selo se interpretamos as respostas a esta pregunta dun modo diferente, dando por suposto que, ao identificar ao axente que debería ter “máis responsabilidade”, os entrevistados sinalaron aquel que, ao seu xuízo, ten un maior “deber moral” de asumir responsabilidades nesta área (ou de facelo en maior medida que na actualidade). Esa non era a intención con que foi redactada a pregunta, pero non se pode excluír por completo que os entrevistados entendérona así.

os recursos e esforzos que dedica a cooperación é congruente coas prioridades que acabamos de describir e comentar (véxase o gráfico 9).

Aínda que non hai unha perfecta coincidencia entre as opcións de resposta dispoñibles nas dúas preguntas, as materias mencionadas máis frecuentemente polas persoas entrevistadas son dúas relacionadas cos obxectivos que se situaban en primeiro plano da axenda: **educación e sanidade**, sinaladas cada unha por ao redor da metade das persoas entrevistadas, representando ao redor dunha cuarta parte das respostas (entre as materias contempladas nesta pregunta non hai ningunha vinculada ao outro obxectivo considerado prioritario, loitar contra a fame). **Tras elas** aparecen, aínda que cun peso substancialmente menor, **tres materias relacionadas directa ou indirectamente coa xeración de riqueza** (a promoción da actividade económica e o emprego, o apoio técnico en sectores en que Galicia teña experiencia e a construción de infraestruturas, cada unha das cales é mencionada por entre o 25% e o 30% dos entrevistados e supón entre o 12% e o 15% das respostas). A grande distancia están a promoción da democracia e a participación cidadá e o medio ambiente, que quedan por baixo do 5% das respostas.

D. Preferencias por zonas xeográficas ás que debería atender prioritariamente a política de cooperación da Xunta de Galicia.

Clasificáronse estas zonas xeográficas en catro grandes áreas: Norte de África, outros países africanos (é dicir, África Subsahariana e illas), Latinoamérica e Asia, deixando, ao mesmo tempo, aberta a posibilidade de que as persoas entrevistadas propuxesen algunha outra área. A pesar dos vínculos históricos e afectivos entre Galicia e Latinoamérica, **unha maioría das persoas entrevistadas (52%) manifesta a súa preferencia por facer receptores prioritarios dos recursos da cooperación e a axuda proporcionada pola Xunta de Galicia aos países do África Subsahariana** (véxase gráfico 9). América Latina é a segunda zona máis frecuentemente seleccionada, pero a unha grande distancia respecto do África Subsahariana (só a elixen o 14%). O Norte de África e Asia son a terceira e cuarta zonas, seleccionándoas porcentaxes de entrevistados inferiores ao 10% e ao 5%, respectivamente. Convén destacar que ao redor dunha quinta parte da cidadanía non ten

unha prioridade definida sobre áreas xeográficas de atención preferente.

Ao redactar o cuestionario da enquisa partíase da expectativa, que logo se viu desmentida polos datos, de que unha gran parte dos galegos elixirían Latinoamérica como destino prioritario para as accións de cooperación da Xunta. Por esta razón, aos entrevistados que deron esta resposta ofrecéuselles a posibilidade (en formato de pregunta aberta) de salientar un país ou rexión como destinatario preferente da axuda. As respostas obtidas mostran que máis da metade deles (52,4%) non teñen unha preferencia concreta. Entre os que si as teñen, as respostas máis frecuentes son as mencións xenéricas a dúas rexións, Sudamérica e Centroamérica, citadas cada unha delas por pouco máis do 15% dos que dan unha resposta. Só un país, Perú, é sinalado por máis dun 10%. Séguenlle Haití, Colombia e Arxentina, con ao redor dun 9% das mencións; Guatemala e Nicaragua, con aproximadamente o 5%; e, xa con frecuencias moi baixas, outras nove respostas (República Dominicana, Venezuela, a rexión do Caribe, Brasil, Bolivia, a rexión andina, Uruguai, Chile e Cuba).

A visión que os cidadáns teñen de cales son as áreas xeográficas de intervención prioritaria está máis marcada pola percepción (sexa certa ou errada) de cales son as zonas en que hai necesidades máis graves e perentorias que pola existencia de vínculos históricos ou afinidades culturais ou pola posibilidade de que o goberno autonómico conte con recursos ou competencias que supoñen unha vantaxe comparativa á hora de intervir de modo eficiente nun área xeográfica determinada¹⁶.

E. Preferencias por tarefas máis importantes das ONGD.

Ao ser preguntadas por cal é, ao seu xuízo, a principal tarefa das Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento, **a metade das persoas entrevistadas dan como primeira resposta “traballar sobre o terreo onde se necesite”**. O resto distribúen as súas prioridades de xeito moi equilibrado entre as demais opcións que se lles

¹⁶ En cambio, a afinidade ou vinculación parece máis relevante para interpretar as respostas que dan aqueles que seleccionaron América Latina e, a continuación, escollen un país concreto. Só así se pode entender, por exemplo, que Arxentina sexa máis citada que Guatemala ou Bolivia.

suxiren: recadar fondos para a axuda (14%), influír nos gobernantes dos países ricos (11%), presionar aos poderes económicos (11%) e informar e sensibilizar aos cidadáns dos países do Primeiro Mundo (9%) (véxase o gráfico 11).

Se, como parece razoable, decídese agrupar algunhas das opcións de resposta de acordo coa súa afinidade, fanse posibles **distintas interpretacións**, que non son contraditorias entre si, en función de que criterio de afinidade se utilice para facer a agrupación. Así,

- a. podemos agrupar aos partidarios de influír nos gobernos e presionar aos poderes económicos, constatando que, tras o traballo sobre o terreo, a segunda prioridade que emerxe é a da actividade de presión (20%);
- b. mais, pódese distinguir entre actividades dirixidas ao conxunto da cidadanía (recadar fondos e sensibilizar e informar) e actividades de presión dirixidas ás elites políticas e económicas; atopamos entón que as porcentaxes de galegos que dan prioridade a cada un destes dous tipos de actividades son moi similares (2022%);
- c. e ten perfecto sentido facer unha contraposición entre as actividades segundo teñan a súa sede nos países destinatarios da axuda (“traballar sobre o terreo”) ou nos países emisores da axuda (todas as demais opcións). En tal caso, hai un certo equilibrio entre os partidarios de pór o acento nunhas e outras (50% fronte a 44%);
- d. finalmente, é tamén admisible deslindar as actividades de natureza máis “asistencial” (traballo sobre o terreo e recollida de fondos) das de natureza máis “política” (presión, xa sexa sobre os gobernos ou sobre os poderes económicos, e sensibilización cidadá), o cal tira como resultado o predominio das primeiras, que reciben case dous terzos das mencións como primeira opción.

De tódolos xeitos, con independencia do interese que poidan ter estas interpretacións, todas elas deben estar subordinadas ao recoñecemento da innegable **tendencia dos galegos a outorgar un papel central ao “traballo sobre o terreo” nos países destinatarios das actividades de cooperación.**

F. Preferencias polo tipo de persoal co que deben traballar principalmente as ONGD.

O cuestionario da enquisa incluía unha pregunta que invitaba ao entrevistado a elixir entre dúas opcións – traballar sobre todo con persoal voluntario ou con persoal profesional especializado –, aínda que se admitía a resposta espontánea “deben contar con persoal dos dous tipos”. Case a metade das persoas entrevistadas (46%) acolleuse a esa resposta espontánea de compromiso, mentres que as dúas alternativas suxeridas recibiron niveis de apoio practicamente iguais entre si. Diríase, xa que logo, que **non hai na cidadanía galega unha preferencia unívoca polo uso exclusivo dun só tipo de persoal por parte das ONGD**. Quizais isto pódese interpretar como signo de recoñecemento da complexidade das actividades que realizan estas asociacións, que han facer fronte a tarefas moi diferenciadas para as cales pode ser adecuado usar distintos tipos de persoal.

Esta interpretación tórnase máis plausible ao constatar que hai certa asociación estatística entre o nivel de coñecemento declarado sobre as ONGD e as opinións sobre que persoal deben usar. Os máis informados inclínanse en maior medida pola resposta de compromiso (“persoal dos dous tipos”), mentres que os “nada informados”, aparte de ser máis propensos á non resposta, son os que máis apoian o uso preferente de persoal voluntario

G. Preferencias sobre o modo en que se deben financiar as ONGD.

Na opinión pública galega hai unha considerable diversidade de preferencias sobre cal debe ser o modo principal de financiamento das ONGD (gráfico 10). As opcións maioritariamente elixidas son os fondos procedentes de donativos persoais e campañas e as subvencións das Administracións Públicas (26/27%

cada unha). Séguenas o financiamento con cotas dos socios (17%) e, a máis distancia, as achegas de empresas (12%) e a venda de produtos (en torno ao 5%).

Como ocorría no que atinxe ás tarefas das ONGD, a interpretación que se deda a estes resultados dependerá das afinidades que se establezan entre as opcións de resposta. Poderíase contrapor o financiamento público (subvencións da Administración) fronte ao privado (o resto das opcións), atopándose entón unha incuestionable preferencia por esta última. Mais tamén é posible distinguir financiamento mediante recepción de doazóns ou achegas externas (da Administración, de empresas ou de cidadáns particulares) e financiamento mediante actividades e recursos propios (cotas de socios e venda de produtos), nese caso hai un notorio predominio da adhesión á primeira vía. As dúas interpretacións son compatibles entre si e pódese chegar a unha síntese concluíndo que é maioritaria (39%) a preferencia polo financiamento “externo privado” (doazóns persoais e contribucións captadas mediante campañas, achegas de empresas), seguida pola “externo público” (27%) e a “interno” (22%), que reciben niveis de apoio bastante parecidos.

Pero quizais tan importante como esa distribución de preferencias é constatar a existencia dun **amplísimo acordo sobre a desexabilidade de que as Administracións Públicas participen en certa medida no financiamento das ONGD**. Ás persoas entrevistadas que escolleron como principal fonte de financiamento para as ONGD unha vía distinta das subvencións públicas preguntóuselles se estaban a favor ou en contra de que as Administracións Públicas contribúisen a financiarlas. O 80% dos preguntados declararon estar a favor. Se a aqueles que así se pronuncian engadímoslles os que xa elixiran as subvencións como forma predilecta de financiamento, atopamos que en torno ao **85% da cidadanía galega é partidaria** de que as ONGD reciban contribucións económicas das Administracións Públicas. Fronte a eles, **os partidarios dun financiamento exclusivamente privado son só un 11%**.

7. A implicación persoal dos cidadáns.

Como é lóxico, o protagonismo do impulso e execución das políticas de cooperación e axuda

para o desenvolvemento recae fundamentalmente sobre actores corporativos, ante todo organismos administrativos públicos, pero tamén organizacións xurdidas da sociedade civil ou diversos tipos de entidades mixtas que serven de canle á colaboración entre o sector público e o sector privado. Nembargante, os cidadáns particulares tamén poden participar en certa medida neste tipo de actividades, ben mediante a súa afiliación a algunhas das organizacións que actúan neste campo, ben a través da súa implicación nun amplo abano de formas de colaboración que son moi diversas tanto en termos da súa constancia temporal como do nivel de dedicación persoal e investimento de tempo e recursos que comportan.

Por esta razón, para obter unha imaxe completa da posición dos cidadáns ante as actividades de cooperación e axuda para o desenvolvemento, a nosa enquisa solicitou información non só sobre as súas percepcións e actitudes, senón tamén sobre a súa implicación persoal naquelas accións que están abertas á súa participación. Concretamente, obtívose información sobre:

- A. a implicación persoal mediada por asociacións; e
- B. a implicación persoal directa, consistente na realización de accións ou participación en actividades que, nun ou noutro grao, están relacionadas coas políticas de cooperación e os seus obxectivos.

A. En canto á implicación persoal mediada por asociacións, o dato máis destacable é que **ao redor dun 13,1% dos galegos declara pertencer na actualidade a algunha ONGD e un 6,7% asegura que pertenceu no pasado**; fronte a eles, hai ao redor dun 80% que nunca foron membros de ningunha (gráfico 11).

A información desagregada sobre o número de asociacións a que pertencen aqueles entrevistados que din ser membros de polo menos unha no momento actual pon de manifesto que a maior parte o son unicamente dunha; só o 17% deles son socios de máis dunha e un 3% o son de máis de dous. Se calculamos o peso que teñen os afiliados a máis dunha ONGD no conxunto da cidadanía (ao redor do 2%), pódese afirmar que **a afiliación múltiple é unha práctica moi infrecuente**.

A modo de indicador sintético, pode ser ilustrativo deixar constancia de que o número medio de asociacións a que pertencen os entrevistados é de só 0,16 para o conxunto da mostra e de 1,23 para os que pertencen a algunha.

É interesante observar que, aínda que a taxa de pertenza a ONGD rexistrada nos nosos datos puidese parecer baixa, é máis alta que a que atopa en Cataluña a enquisa CEO-ACCD: só un 12,5% dos entrevistados nela afirman *ser ou que foron algunha vez* membros dunha ONG “pensando en contribuír a reducir a pobreza ou as desigualdades no mundo”, fronte ao 20% que atopamos na nosa enquisa. Se comparamos as taxas porcentuais de pertenza a ONGs *no momento de realización da enquisa*, as cifras que temos son do 13,1% para Galicia e do 10,7% para Cataluña. A pesar de que as diferenzas na formulación literal das preguntas usadas nestas enquisas invitan á prudencia ao comparar os seus datos, **semella que o nivel de adhesión a ONGD é algo maior en Galicia que en Cataluña; e, en todo caso, pódese afirmar con bastante seguridade que non é menor**¹⁷.

B. Para avaliar a implicación individual directa tívose en conta a realización de accións relacionadas coa cooperación e axuda para o desenvolvemento que son moi distintas tanto na súa natureza, alcance temporal e obxectivos inmediatos como no investimento de esforzos e recursos que supón.

Por unha banda, abranguen dende colaboracións esporádicas (doazóns; participacións en accións de presión ou protesta relacionadas con este campo) ata actividades que, por definición, teñen certa continuidade no tempo (apadriñamentos; traballo voluntario “no terreo” ou en Galicia). Doutra banda, inclúen actividades de carácter “político”, nun sentido amplo (como campañas de recollida de sinaturas, protestas de todo tipo, que son accións

encamiñadas a facer demandas, exercer presión e intentar persuadir a outros actores), como outras de natureza máis directamente “asistencial” (doazóns, participación persoal en actividades de cooperación). Finalmente, e como xa se sinalou, son moi variables no nivel de compromiso e investimento que comportan, como mostra o contraste entre, dunha parte, comportamentos como a compra de produtos de comercio xusto ou a entrega de donativos e, doutra parte, a participación en programas “sobre o terreo” nos países destinatarios da axuda¹⁸.

Pódese obter unha visión de conxunto sobre a implicación persoal dos galegos a través de dúas **medidas sintéticas**. A primeira mide a **extensión da implicación persoal directa**, isto é, a porcentaxe de persoas que ao longo dos doce meses anteriores á realización da enquisa levaron a cabo polo menos unha das accións contempladas no cuestionario. Un 63% das persoas entrevistadas tivo algunha implicación, aínda que sexa tan livián como facer algún donativo (gráfico 11). A este dato podemos engadir que outro 24,2% aseguran realizar polo menos unha destas accións nun momento temporal anterior, de modo que a porcentaxe que nunca deron ningún signo, por leve que sexa, de implicación, é de aproximadamente o 13%.

Cal é a razón pola que esta pequena minoría non realizou xamais ningunha das accións que contemplamos no cuestionario? Preguntados por iso, a metade alude á falta de tempo ou diñeiro e un 18% aduce desconfiar dos responsables dese tipo de accións. Reciben entre un 5% e un 8% de mencións cada unha respostas como a ausencia dunha demanda externa, a falta de información e a falta de interese. En conxunto, pódese dicir que a metade dos “retraídos” o son por razóns materiais e a outra metade por razóns que teñen máis que ver coas súas actitudes e disposicións.

A segunda medida sintética que permite facer unha descrición global refírese á **intensidade da**

17 A fiabilidade do dato de Galicia e a pertinencia de interpretación que facemos del vese reforzada pola súa coincidencia co obtido nunha enquisa realizada en 2007 pola “Unidade de Investigación Social” da “Escola Galega de Administración Pública”, que, ao preguntar de xeito moi pormenorizado pola pertenza a un amplo abano de tipos de asociacións, atopou que o 11,8% dos galegos declaraban ser membros nese momento dalgunha asociación de axuda social, humanitaria ou de cooperación para o desenvolvemento (datos da “Enquisa Panel sobre Sociedade e Administración en Galicia”).

18 No cuestionario preguntábase separadamente sobre a participación como cooperante noutro país e a realización de traballo voluntario de apoio á axuda para o desenvolvemento dende Galicia. Con todo, as frecuencias de realización deste tipo de actividades (sobre todo, como é lóxica, da primeira) son tan baixas, que se optou por combinar os datos de ambas. É, en todo caso, evidente que unha enquisa á poboación xeral non é o medio axeitado de estudar a participación como “cooperante sobre o terreo”.

implicación persoal directa e consiste no número de tipos de acción que as persoas entrevistadas declaran realizar durante os doce meses previos á entrevista. Posto que combinamos información sobre oito formas de acción, podería, en principio, variar entre 0 e 8. Para o conxunto da poboación obtense unha media de 1,49 accións por persoa (cunha desviación típica de 1,58). Se facemos o cálculo só para aquelas persoas entrevistadas que declaran realizar *polo menos un tipo de acción* (de modo que pode variar entre 1 e 8), a media é de 1,93, cunha desviación típica de 1,05, un valor mínimo de 1 e un valor máximo de 6.

Aínda que é difícil avaliar estes datos sen ter un referente comparativo, pódese afirmar que a extensión da implicación é bastante alta, pero a súa intensidade máis ben baixa. O cal probablemente é o esperable, tendo en conta que non cabe esperar do conxunto da cidadanía unha implicación moi constante e intensa en accións que son, en xeral, alleas aos seus quefaceres e preocupacións cotiás, que son moi dependentes de demandas externas e que, nalgúns casos, teñen custos elevados en termos de tempo e outros recursos.

Pasando a unha **consideración máis desagregada da implicación persoal dos cidadáns**, atopamos que, como era previsible, os niveis de participación dos cidadáns galegos son moi distintos dependendo do tipo de acción. Ten os seus valores máximos na realización de donativos, tanto monetarios como en especie, que declaran facer ao longo do ano anterior á data de entrevista entre un 40% e un 45% dos entrevistados; a cifra elévase ata alcanzar os dous terzos dos entrevistados cando se prescinde dun marco de referencia temporal limitado. Está bastante menos estendida a compra de produtos de comercio xusto, que din facer un 20% ou un 30% dos galegos, segundo a resposta se refira ao último ano ou a calquera momento temporal. O resto das actividades teñen un predominio moito menor: para o último ano, é dun 6% a da participación en campañas de recollida de sinaturas, 3% a implicación nalgún tipo de acción de protesta ou reivindicación, 3% o apadriñamento de nenos e ao redor de 2% o traballo como cooperante ou como colaborador dende Galicia; para o conxunto da vida das persoas entrevistadas, as cifras elévanse ata o 12%, 7%, 7,5% e 3,5%, respectivamente.

En suma, poderíase dicir que **a participación é maior en accións temporalmente discretas que en accións que supoñen unha implicación**

sostida no tempo, en accións de apoio material ao envío de axuda que en actividades de natureza “política” e en actividades que supoñen un nivel de investimento de recursos baixo máis que nas máis intensivas en tempo e enerxía. En particular, destaca pola seu exigüidade a taxa de realización de traballo voluntario. Todo iso parécenos bastante axustado ás expectativas que cabería albergar.

8. Conclusións principais.

Se houbese que sintetizar de xeito extremadamente conciso as principais leccións que se derivan do estudo realizado, aínda sabendo que iso implica simplificar notablemente os resultados obtidos e prescindir de aspectos que darían unha imaxe máis matizada e rica dos mesmos, poderíanse resaltar as seguintes ideas:

1. O nivel de coñecemento que ten a cidadanía galega sobre as políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento
 - A. é bastante baixo;
 - B. pero varía de xeito considerable segundo o aspecto ou axente das políticas de cooperación ao que se faga referencia;
 - C. é particularmente baixo no que atinxe ás actividades do goberno autonómico e a actuación das ONGD.
2. Os cidadáns galegos son sensibles cara aos problemas da pobreza, o subdesenvolvemento e a desigualdade internacional: atribúen gran importancia a estes problemas e expresan un alto grao de preocupación pola situación dos países empobrecidos.
3. Na cidadanía galega hai un consenso moi xeneralizado a prol das políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento. Esa actitude favorable ponse de manifesto de xeito sistemático, con independencia do aspecto desas políticas que se teña en conta. En particular, hai un apoio moi firme á existencia de accións de axuda para o desenvolvemento promovidas polos gobernos español e galego e unha posición favorable ao mantemento da axuda ata na actual situación de crise económica.

4. Non obstante, os galegos son escépticos no concernente á eficacia que demostraron ter ata agora as políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento para mellorar a situación da poboación dos países beneficiarios. Ese escepticismo parece derivarse da percepción de que hai nestas políticas un potencial que non se materializa debido á interferencia de axentes como as elites dirixentes dos países receptores de axuda ou as grandes empresas dos países ricos.

5. Probablemente esa combinación de actitude favorable á axuda para o desenvolvemento e de escepticismo cara á súa capacidade actual para cumprir os seus obxectivos é o que explica que os galegos sexan maioritariamente partidarios de condicionar a axuda ao cumprimento de determinadas condicións por parte dos países destinatarios da mesma, así como que entendan que hai todo un abano de medidas económicas e políticas que poden contribuír a mellorar a situación dos países empobrecidos, entre as cales a axuda non ocupa un lugar único ou nin sequera principal.

6. A valoración que os galegos fan do desempeño da Xunta e das ONGD no ámbito da cooperación e axuda para o desenvolvemento

- A. é moderadamente positiva, superando o nivel convencional do “aprobado”;
- B. é mellor para as ONGD que para a Xunta, aínda que probablemente isto débese, polo menos en parte, a que as valoracións da actuación da Xunta están máis tinguidas polas preferencias partidistas.

7. Á hora de elixir cal é o axente de cooperación cuxa actuación parécelles máis eficaz, transparente e inspiradora de confianza, os cidadáns galegos inclínanse practicamente na mesma medida polas ONGD e as Administracións Públicas e moito máis do que o fan pola Igrexa.

8. Ao mesmo tempo, os galegos cren que, en xeral, son as Administracións dos países ricos – e non as ONGD ou os organismos multilaterais – quen deben asumir a maior responsabilidade das políticas de cooperación.

9. Á hora de determinar os obxectivos e materias que deben definir eixos prioritarios das actividades de cooperación, tanto en xeral como particularmente

as da Xunta de Galicia, os galegos atribúen un papel central a obxectivos que poderíamos cualificar como “tradicionais”, “materialistas” e ligados á satisfacción de necesidades básicas. A loita contra a fame, a educación e a atención sanitaria están en primeiro plano, seguidas por obxectivos e áreas de actuación vinculados á promoción económica. En cambio, os obxectivos “innovadores” e de carácter “transversal” ocupan un lugar claramente secundario na axenda.

10. A zona xeográfica sinalada como área de atención preferente para as accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento da Xunta de Galicia é a África subsahariana, seguida, a gran distancia, por América Latina.

11. Os galegos entenden que a actividade principal das ONGD debe ser o traballo sobre o terreo nos países nos que existan necesidades que precisan atención. As accións de presión aos poderes político e económico e de sensibilización cidadá están nun segundo plano.

12. Tanto no que se refire ao tipo de persoal que deben utilizar as ONGD como no que respecta ás súas fontes de financiamento, os cidadáns galegos parecen partidarios dunha solución mixta. No primeiro caso, iso implica traballar tanto con persoal voluntario como con persoal profesional de carácter especializado. No segundo, supón recorrer a diversas fontes de financiamento, que, para a grande maioría dos cidadáns, deben incluír as subvencións das Administracións Públicas.

13. A implicación persoal dos galegos en actividades relacionadas coas políticas de cooperación e axuda para o desenvolvemento é moderadamente alta. Con todo, destaca máis pola “súa extensión” (porcentaxe de persoas que din ser membros de ONGD ou que realizan accións que, aínda que sexan de carácter esporádico e involucren un grao de compromiso leve, teñen relación coa axuda ao Terceiro Mundo) que pola “súa intensidade” (número de accións en que se implican; investimento de recursos que supón e continuidade temporal que teñen esas accións).

TÁBOAS

Táboa 1. Coñecemento da cooperación e a axuda para o desenvolvemento

Si	77,6
Non	22,4
NSNC	0,0
Total	100

Táboa 2. Coñecemento do compromiso dos países industrializados de destinar o 0,7% da riqueza producida cada ano aos países empobrecidos

Si, sei o que é	45,6
Oíra falar del, pero non sabía en que consistía	15,9
Non, é a primeira vez que oío falar del	38,5
NSNC	0,0
Total	100

Táboa 3. Coñecemento sobre se o goberno da Comunidade Autónoma de Galicia leva a cabo accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos

Sabe que si	28,6
Sabe que non	22,0
Non o sabe	49,4
N.C.	0,1
Total	100

Táboa 4. Coñecemento sobre se no período de referencia aumentaron, diminuíron ou se mantiveron os fondos para axuda para o desenvolvemento do goberno autonómico

Aumentaron	2,4
Diminuíron	6,1
Mantivéronse máis ou menos igual	6,2
N.S.N.C.	85,3
Total	100

Táboa 5. Capacidade de mencionar algunha ONGD

	Porcentaxe respecto dos preguntados	Porcentaxe con respecto ao total da mostra
Algunha mención	68,3	55,6
Ningunha mención	31,7	25,8
Non procede		18,7
Total	100	100

Táboa 6. Coñecemento sobre a existencia de iniciativas de comercio “xusto”.

Si, sabe o que é	45,2
Oíu falar del, pero non sabía moi ben en que consiste	16,7
Non, é a primeira vez que oe falar del	38,0
N.C.	0,2
Total	100

Táboa 7. Problema máis importante do mundo na actualidade para as persoas entrevistadas

A pobreza e as desigualdades	46,6
A crise económica	24,8
As guerras e conflitos armados	12,2
O terrorismo internacional	7,3
O cambio climático	6,0
Outros problemas	1,0
A crise enerxética	,8
N.SN.C.	1,2
Total	100

Táboa 8. Preocupación persoal da persoa entrevistada pola situación dos países pouco desenvolvidos

Moito	35,8
Bastante	51,0
Pouco	11,5
Nada	1,5
N.C.	0,3
Total	100

Táboa 9. Opinión sobre a conveniencia de ligar a axuda para o desenvolvemento ao cumprimento de certas condicións por parte dos países receptores

A favor	73,5
En contra	19,9
N.S.N.C.	6,6
Total	100

Táboa 10. Actitude favorable ao cumprimento por parte dos países avanzados do compromiso de destinar o 0,7% a axudar aos países menos desenvolvidos

Si	95,9
Non	3,2
N.C.	1,0
Total	100

Táboa 11. Actitude favorable ou contraria a que o goberno da Comunidade Autónoma de Galicia leve a cabo accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos

A favor	83,9
En contra	13,4
N.S.N.C..	2,7
Total	100

Táboa 12. Opinión sobre o grao de eficacia da cooperación e a axuda para o desenvolvemento para mellorar a situación da poboación dos países empobrecidos

Media	5,67
Desviación típica	1,75

Táboa 13. Valoración das accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento do goberno autonómico

Media	5,67
Desviación típica	1,75

Táboa 14. Valoración das actividades e o traballo que realizan as ONGD

Media	6,55
Desviación típica	2,05

Táboa 15. Organismos ou institucións que deberían ter máis responsabilidade na axuda para o desenvolvemento

Os gobernos e administracións dos países avanzados	55,8
Os organismos internacionais	29,7
As ONGs e entidades sen ánimo de lucro	5,3
Outros	
N .S.N.C.	9,2
Total	100

Táboa 16. Obxectivo máis importante da cooperación e axuda para o desenvolvemento (só primeira resposta).

Facilitar o acceso á educación	29,8
Dar atención sanitaria	17,0
Reducir a desigualdade entre homes e mulleres	3,2
Impulsar o respecto entre culturas	0,9
Loitar contra a fame	29,9
Protexer o medio ambiente	0,5
Promover a democracia e os dereitos humanos	5,4
Fomentar a creación de emprego	12,4
N.S.N.C.	0,8
Total	100

Táboa 17. Zona xeográfica que se considera prioritaria para a política de cooperación do goberno autonómico.

Norte de África	9,0
Outros países africanos	52,3
Latinoamérica	14,1
Asia	3,6
Outras	0,6
Ningunha	2,9
N.S.N.C.	17,4
Total	100

Táboa 18. Tarefa considerada máis importante entre as que realizan as ONGD

Traballar sobre o terreo onde se necesite	50,5
Influír nos gobernantes dos países ricos para que axuden máis aos países empobrecidos	11,1
Presionar aos poderes económicos para que actúen dun modo máis xusto	10,9
Informar e sensibilizar aos cidadáns dos países ricos	8,8
Recadar fondos para axudar ao Terceiro Mundo	13,7
NSNC	4,9
Total	100

Táboa 19. Opinión sobre cal debe ser a principal fonte de financiamento das ONGD

Con achegas de empresas	11,9
Con cotas dos seus socios	17,0
Con donativos persoais e campañas de recollida de fondos	27,1
Con venda de produtos	5,4
Con subvencións das Administracións Públicas	26,2
Outras	
A través de tódalas fontes	2,4
NSNC	9,9
Total	100

Táboa 20. Pertenza a ONGD

	Na actualidade	Actualmente ou en calquera momento pasado
Si	13,1	19,8
Non	86,9	80,2
NC	0,0	
Total	100	100

Táboa 21. Participación persoal en diferentes tipos de actividades relacionadas coa cooperación e axuda para o desenvolvemento: porcentaxe que realizou algunha vez cada tipo de actividade.

Mercar produtos de comercio xusto	30,5
Doar diñeiro destinado á axuda a países empobrecidos	62,6
Doar roupa, alimentos, medicamentos, etc. para enviar a países empobrecidos	69,9
Participar en campañas de recollida de sinaturas	12,2
Participar en manifestacións, boicots ou outras formas de protesta	7,1
Apadriñar nenos de países empobrecidos	7,6
Traballar como cooperante noutro país ou facer traballo voluntario dende Galicia apoiando accións de axuda ao desenvolvemento	3,6

GRÁFICOS:

**Indicadores seleccionados do nivel de coñecemento, actitudes, preferencias e implicación
persoal dos cidadáns galegos**

Gráfico 1. Información sobre as accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento: porcentaxe de individuos informados




Gráfico 2. Problema máis importante do mundo na actualidade e grao de preocupación persoal pola situación dos países pobres




Gráfico 3. Causa da pobreza. Distribución porcentual de respostas




Gráfico 4. Actitudes cara a cooperación e a axuda. Porcentaxe de entrevistados a favor das accións.




Gráfico 5. Actitudes cara o condicionamento da axuda aos países pobres. Distribución porcentual das respostas




Gráfico 6. Opinións sobre o grao de eficacia da cooperación e axuda, e sobre os factores que poderían contribuir a mellorar a situación dos países pobres. Distribución porcentual das respostas




Gráfico 7. Valoración da confianza que inspiran distintos actores que realizan accións de cooperación e axuda (distribución porcentual de respostas)




Gráfico 8. Preferencias por obxectivos das accións de cooperación e axuda. Distribución porcentual das respostas (N = 2426 : dúas respostas por entrevistado)




Gráfico 9. Preferencias por materias e rexións de destino das accións de cooperación e axuda da Xunta de Galicia. Distribución porcentual das respostas (Para materias, N = 2426: dúas respostas por entrevistado)





Gráfico 10. Preferencias por tarefas e fontes de financiamento das ONGDs. Distribución porcentual das respostas.







Gráfico 13. Síntese final. Índices de información, actitudes cara as accións de cooperación e axuda para o desenvolvemento, e porcentaxe de individuos implicados persoalmente

